



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 11 DE XANEIRO DE 2016.

ASÍSTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELAS VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 11 de XANEIRO de 2016 reunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presideante declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (09/11/2015)

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes, benvidos a todos e a todas a este Pleno, que é o primeiro do ano, antes de nada agradecerlle ao público a súa presenza e tamén desexarlles a todos bo ano. O primeiro punto da orde do día e a aprobación das actas anteriores, ¿votos a favor? ¿votos en contra? Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación da acta anterior (09/11/2015)”**.

2.- APROBACIÓN DAS TARIFAS DE AUTO- TAXI PARA O CONCELLO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día e a aprobación das tarifas de auto-taxi para o Concello de Barbadás, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes señores e señoras Concelleiros e Concelleiras e público asistente. No anterior Pleno, no Pleno de decembro, aprobouse por parte deste Pleno as tarifas de taxis que van a regular o servizo de taxis no Concello de Barbadás. Nesas tarifas os taxistas comunicáronos que se esqueceran de engadir unha cláusula, que é, que para os días 25 de decembro, 1 de xaneiro e 6 de xaneiro, solicitan que estas taxas se aumenten un 25%, esta é un práctica habitual en todos os Concellos onde están reguladas esas taxas, e polo tanto nós traémolo a Pleno porque é unha consideración que nos fan os taxistas do noso Concello, e é o que sometemos a aprobación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois en canto a este punto da orde do día ¿Votos a favor? ¿abstencións?



CONCEPTOS	TARIFAS
TARIFA URBANA 1 Aplicable de luns a venres laborais de 07:00h a 21:00 h	
Baixada de bandeira	2,2
Km. Percorrido	1,02
Hora de espera	15
TARIFA URBANA 2 Aplicable sábados, domingos e festivos as 24 h. e de luns a venres en horario nocturno (de 21:00 h a 07:00h)	
Baixada de bandeira	2,95
Km. Percorrido	1,15
Hora de espera	18

Nos días 25 de decembro, 1 de xaneiro e 6 xaneiro, incremento do 25% sobre a tarifa 2 as 24 horas

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto e coa abstencións de DO o seguinte acordo: “ **Aprobación das tarifas de auto-taxi para o Concello de Barbadás**”

3.- APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2015.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é a aprobación do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2015, isto é unha práctica que é obrigatoria por lei, e unha documentación uns datos que nos facilitan o Instituto Nacional de Estatística, o dato que nos facilitan en canto ao padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2015 é de 10.463 habitantes, sinalar que no ano 2014 a cifra ascendía a 10.371 habitantes, polo tanto é un incremento poboacional de algo menos de 100 veciños, é unha aprobación que é obrigado someter á consideración do Pleno. Polo tanto si hai algunha intervención, pois sométese a votación, ¿votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de Xaneiro de 2015 en 10.463 habitantes**”.

4.- APROBACIÓN DAS ALEGACIONES AO REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DA CASA DE CULTURA.



O sr. Alcalde toma a palabra: O carto punto da orde do día é a aprobación das alegacións ao regulamento da casa de cultura, a única alegación que foi presentada foi feita polo Partido Popular polo tanto ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos os asistentes ó Pleno, á Corporación e que todos teñamos un feliz ano. En relación á alegación que presentamos ó Regulamento da Casa da Cultura, nós entendemos despois de ver este informe que fixo Alfonso o técnico da Casa da Cultura, non estamos de acordo, en primeiro lugar porque o único que pedimos é que todos os partidos políticos que formamos esta Corporación podamos ter un lugar, onde podamos ter un lugar onde podamos ter unha reunión cos veciños que nós designemos con un grupo, poñemos un exemplo claramente que nos acompañan hoxe se queremos ter una reunión coa asociación de maiores e pensionistas de Fonval e os queremos convocar hoxe o lugar onde máis espazo hai máis butacas hai é na Casa de Cultura. Iso denégasenos aos partidos políticos, non soamente ó Partido Popular, senón aos que neste momento representamos a Corporación. Outro motivo era pois que a veces os grupos políticos aparte de nas eleccións onde xa se designan unha serie de locais designados para facer os mítins, neste momento pois se queremos ter un congreso de algún partido político tampouco podemos facelo. Nós son reunión puntuais as que pedimos, incluso aquí vou ler o informe, un punto do informe que Alfonso, técnico da Casa da Cultura di: “A Casa da Cultura é un lugar público que está ao servizo dos veciños e veciñas de Barbadás para ofrecerlles un lugar onde levar a cabo actividades culturais, non é lugar creado para fins privados e partidistas tal e como se plantexa nesta alegación. Non é como di el, non é un fin partidista, senón o que queremos ise salón, que sigo dicindo, e insitsto máis grande, onde hai máis espazo, onde hai máis butacas para atender aos veciños e veciñas de Barbadás cando un dos partidos, que neste caso nós, que estamos na oposición, ou dous partidos máis que están neste momento, incluso os do goberno, podamos atender á cidadanía. Dicímolo por ese motivo, non porque queiramos ter reunións políticas con fins partidistas, non, non é ese o motivo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o sr. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todos e a todas. Como xa dixemos no seu día, nós o que propoñemos é que a Casa da Cultura sexa só para cultura como se aprobou naquel momento e non sexa para utilización de ningún partido político, incluso en campaña electoral. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.



A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos os presentes. Non teño nada que dicir neste punto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Ten a palabra dona Ánxela.

A sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes a todas e a todos. Por suposto que eu como Concelleira de Cultura estou completamente a favor do que di o técnico de Cultura, neste caso Alfonso García, responsable da Casa de Cultura de Barbadás. Entón relación a alegación presentada por o Partido Popular ó respecto do regulamento da Casa de Cultura, desde a Concellería de Cultura, manifestamos o seguinte: A Casa da Cultura é o único lugar que temos en todo Concello de Barbadás adicado a actividades culturais albergando tanto actividades culturais nas que veciños e veciñas de Barbadás participan activamente como eventos e propostas culturais que se achegan ó noso concello para que podamos disfrutalas. O auditorio tamén é o único que existe no Concello para este tipo de actividades ás que por outro lado está destinado. O auditorio é o único espazo co que contamos no concello e ó día de hoxe se queda pequeno para a poboación existente e para as propostas que hai. Poñer en valor o auditorio e o edificio en xeral supón adicalo a aquilo para o que foi concibido. Mesturar a súa funcionalidade convérteo nun caixón desastre no que todo pode valer ou non en función mesmo de prioridades que non deberían ser válidas neste tipo de cuestións. Considerando ademais que a súa apertura para colectivos de índole non estritamente culturais suporía que os traballadores da Casa da Cultura terían que facer un número de horas adicionais que non correspondería ás súas funcións. A Casa da Cultura é un edificio público do Concello de Barbadás, polo que consideramos que o seu uso non pode adicarse por suposto a fins privados ou partidistas tal e como se plantexa nesta alegación. Como alternativa ó auditorio desde o goberno valoráronse distintas posibilidades que ata de agora se están usando sen crear prexuízo das asociacións privadas que o teñan solicitado, entre elas o CET, os locais situados a carón de Fonval, e mesmo o salón de plenos poderían ser utilizados para reunións coas asociacións que así se considere. Ademais do edificio da Casa da Cultura existen locais sociais por todo o Concello de Barbadás, no que cada partido político, estea ou non estea no Grupo de Goberno, na oposición e mesmo que non estea neste Pleno porque os hai, hai agora mesmo en A Valenzá, En Marea, por exemplo que podería utilizar calquera social ou calquera local oportuno neste sentido, hai alternativas neste senso, é dicir, non van quedar sen facerse.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitísimas grazas,

A sra. Vispo toma a palabra: O punto 2 do informe do técnico de Alfonso pon “Necesidade de



traballadores: os empregados públicos que prestan servizos dentro das instalacións da Casa da Cultura teñen o seu horario cuberto para o desenvolvemento de actividades culturais xa que traballan segundo o esixa a axenda cultural, tendo lugar no auditorio actividades teatrais música, proxección de cinema, etc, etc.” . Recórdolle a Concelleira de Cultura, que agora que claro, que estamos doutro lado e era o que lle dicía na Comisión Informativa, recordo que, e me remito ás actas pero xan non vou buscalas porque dá igual que as busque como que non, porque xa a alegación non se vai aprobar pero si quero que quede constancia que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista, e me remito ás actas anteriores, solicitaba que a Biblioteca se abrirá os venres á noite para que os estudantes foran alí as súas tarefas, ou incluso si necesitaban libros ou algo, ou sexa que polas noites se abrirá, alí vostedes non pensaban nos traballadores da Casa da Cultura, verdade?, quere que lle siga dicindo máis cousas que pidían, remítome as actas e se quere tráíollas, pero xa ve que agora estamos doutro lado e lle importan máis os traballadores. A nós claro que nos importan os traballadores da Casa da Cultura, e importáronnos durante 28 anos, pero o que vostedes teñen que recordar o que dixeron de 8 anos para aquí e que agora se están contradicindo vostedes mesmos. Nada máis grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha intervención por parte de algunha, Fina non terá ningunha intervención? Ánxela, por favor.

A sra. González toma a palabra: Respondo. Non podemos mesturar unha cousa coa outra. Por un lado dicir que evidentemente antes usábase a Casa da Cultura como se quería máis ou menos porque non había un regulamento. A función deste regulamento precisamente é regular este tipo de actuacións por iso foi un dos primeiros pasos que se deron desde a Concellería de Cultura ó non existir regulamento para que non houbera problemas desta índole, é dicir, a ti si e a ti non, que era o que pasaba antes, pois se fixo un regulamento da Casa da Cultura para precisamente regular este tipo de cousas. Por outro lado, non me podes mesturar o que é a utilización da Biblioteca co que é a utilización dun partido político. A Biblioteca dentro da Casa da Cultura, ten o seu espazo e é un ámbito cultural. Agora mesmo non se está abrindo polas noites por unha cuestión, non se está abrindo polas noites en época de exames por unha cuestión de dispoñibilidade horaria que non está remunerada. No momento en que se lle remunere a dispoñibilidade horaria ós traballadores, hai un compromiso, de feito foi unha das primeiras propostas que eu fixen como Concelleira de Cultura no edificio da Casa da Cultura, de abrir polas noites en época de exames, para que os estudantes que están nos institutos ou que están nas universidades e veñen en épocas de exames aquí, a vivir aquí, teñan un espazo onde poder estudar ata unha determinada hora. Agora mesmo por unha cuestión de



non remuneración da dispoñibilidade horaria, a pesar de que na biblioteca non teñen remuneración de dispoñibilidade horaria, na biblioteca sería cargalos ademais de actividades culturais que están facendo aínda que non se lle están pagando, e que sempre foi así ademais ata onde eu sei. Eu penso que non se pode mesturar unha cousa cas outras, o traballo na biblioteca, eu manteño o que dixeron todos estes anos con respecto á apertura da biblioteca da Casa da Cultura en época de exames abril durante a noite sigo mantendo e ademais vou a loitar para que así sexa, ó longo deste tempo, vale?. E con respecto ó que dicía o compañeiro Ramón de Compromiso por Barbadás, imos ver, o local en épocas de campañas electorais é o local que se estaba ofrecendo e se ofreceu sempre desde o Concello para as campañas electorais. A min ninguén me preguntou para esta última campaña electoral si se ía a ofrecer ou non, ofreceuse, sempre se ofreceu ese, por que, a razón porque se ofreceu ese en campaña electoral é porque por democracia a xente ten dereito a escoitar as propostas de todos os partidos políticos para despois votar en consecuencia. Iso si que non depende directamente da Concellería de Cultura, depende en todo caso da Xunta Electoral e dese local. Son ademais por outro lado épocas moi previsibles, co cal eu sei que vai haber unha campaña electoral uns meses antes de que esta exista, co cal se pode programar en función diso, de feito, na última campaña electoral non houbo actividade cultural precisamente pensando nese sentido. Ademais son campañas electorais durante 15 días e se anuncian con bastante antelación, e aí si que non hai lugar a ningún tipo de discriminación, pois nin siqueira depende da Concellería de Cultura, depende da Xunta Electoral, vale?.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por alusións ten a palabra o sr. Ramón Padrón pero moi brevemente porque hai que lle dar axilidade ó pleno tamén. Moi brevemente, por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Non é verdade que dependa da Xunta Electoral porque o Concello é o que pon os locais a disposición da Xunta Electoral, se non queremos poñer a disposición a Casa da Cultura, non temos que poñela.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación as alegacións do Partido Popular. Votos a favor? Abstencións?. Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, so votos a favor do PP, e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Aprobación da alegacións ao Regulamento de utilización da Casa de Cultura”**

5- APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DA CASA DA CULTURA.



O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación definitiva do regulamento de utilización da Casa da Cultura. Xa se someteu a debate a alegación polo tanto agora o que queda é a aprobación definitiva. Votos a favor da aprobación definitiva?. Abstencións?. Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, abstencións Democracia Ourensana, e votos e contra do PP o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva do Regulamento de utilización de Casa de Cultura”**

6- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO

A sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é o convenio de colaboración coa Universidade de Vigo. Ten a palabra o Tenente Alcalde, sr. Xosé Manoel Fírvida.

O sr. Fírvida toma a palabra: O que se trae a Pleno é a aprobación dun convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Barbadás. Como se recolle no convenio, trátase de promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento científico e tecnolóxico procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da sociedade, e que é un desexo destas dúas institucións a subscrición dun convenio marco de colaboración que instrumente e regule a súa relacións mediante eventual subscrición de convenios específicos que teremos que estudar no futuro para o desenvolvemento de aqueles proxectos estratéxicos que temos pensado. Desenvolver dende acción de Goberno Local. En concreto todos aqueles relacionados co desenvolvemento de proxectos de investigación, organización e realización de todo tipo de actividades académicas tales como cursos, conferencias, simposios ou seminarios, apoio a investigadores e estudantes, intercambio de publicacións, traballos de investigación, e de calquera tipo de materiais académicos que resulten de interese, intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos culturais e de interese común, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade, mobilidade de estudantes e de persoal docente e cantas outras sexan consideradas de interese mutuo dentro das posibilidades das partes e segundo a legalidade establecida.

O sr. Padrón toma a palabra: Estamos de acordo con este convenio, o que si queremos e que se faga constar en acta que participen os, en calquera negociación coa Universidade de Vigo para calquer tipo de traballo ou de encargo que lle fagamos departe do Concello que se convoque unha Xunta de Portavoces para informarnos de todas estas cuestións,

A sra. Varelas toma a palabra: Eu vou dicir o que dixen o outro día na Comisión informativa, que a sra. Secretaria aclaroume, en cuanto ós gastos correrán a conta do Concello, ela explicoume que serían



en partidas, ou sexa como vou explicar. Exactamente, entón se vai a ser así non entendo porque se pon ese punto, eu estou acostumada a facer contratos e os contratos sempre que se fan son para cumprilos, entón se vai a ser por partidas eu penso que ese punto aí tería que desaparecer. Os gastos a conta do Concello, que gastos?. Xa que non se van a especificar porque vai ser simplemente por cousas que se fagan pois aí tampouco ven a conto poñer os gastos a conta do Concello, penso eu, porque eu nunca firmaría un contrato con ninguén onde poña que os gastos van a miña conta sen saber o que son, aínda que si me explicou Silvia moi ben as cousas pero penso que tal como as explicou eu penso que ese parágrafo sobra.

A sra. Vispo toma a palabra: Pero entendemos que loxicamente o Grupo de Goberno, que quede claro, que nós non queremos facer ese traballo, que vostedes nos digan o que realmente é bo para a cidadanía e nós poder valoralo e poder dar as nosas opinións.

O sr. Fírvida toma a palabra: Por empezar por isto último, eu creo que incluso as ideas poden partir dos grupos da oposición, e as acolleríamos de bo agrado. Calquera proposta que nos teñan que facer a este Grupo de Goberno que redunde en beneficio da cidadanía neste caso de colaboración coa Universidade no ámbito universitario, por exemplo, dos nosos estudantes, nós acollerémolo con moitísimo cariño. Sobre crear unha comisión mixta de seguimento dos convenios que firmemos a continuación, por suposto, non hai ningún problema en crear Xuntas de portavoces cada vez que firmemos un convenio. Agora ben, cada vez que firmemos un convenio específico para realizar un proxecto concreto, vai vir a Pleno, co cal van ter información completa, van ter comisións informativas, van ter posibilidade de debater no Pleno pero si queren xunta de portavoces tamén o podemos facer, e si queren ter toda a información da comisión de seguimento tamén. Que sucede, que esta comisión de seguimento está sen formar, e depende dos proxectos que queiramos desenvolver xuntamente coa Universidade, somos dúas partes en xogo, e ó mellor eles establecen que do Concello de Barbadás participe un administrativo, un funcionario e unha persoa do Grupo de Goberno nesa comisión paritaria, polo tanto non teríamos cabida un representante de cada grupo político. Ademais eu creo sinceramente que sería moi inoperativo ter encontros con representantes da Universidade para especificar cales son os proxectos a pór en marcha se non é desde o ámbito do Grupo de Goberno. Pero en todo caso información, participación e colaboración absoluta, información toda, e van vir a Pleno todos os convenios asinados a continuación. Por iso, señora Fina, se era a súa dúbida. Imos firmar convenios que non supoñan custe para ningunha das partes, pero podemos firmar outros convenios, poderíamos firmar outros convenios nos que nós lle solicitásemos á Universidade a



elaboración dun proxecto para un plano de actuacións prioritarias en materia turística, ou para un plano de desenvolvemento de desenrolo de emprego, ou para un plano de potenciación de recursos endóxeos de Barbadás. Se nós lle solicitamos que nos investiguen para nós e nos fagan un estudo para por en marcha un proxecto, ó mellor nos ten un custe, como se se lle dá un contrato a unha empresa privada. O que nós entendemos é que en vez de facer isto con empresas privadas que fan estes estudos preferimos facelo coa Universidade porque o consideramos así oportuno. En todo caso manter xusta información de canto van custar eses proxectos que se realicen no futuro. Esa é a razón pola que figura este convenio marco, que non é ningún contrato, non estamos firmando ningún contrato. Non estamos atando a Barbadás a ningún compromiso coa Universidade. Todo o que se está firmando é un convenio marco unha declaración de boas intencións para por en marcha nun futuro nunha relación cordial de intercambio, como dicía, de actividades culturais ou de calquera outra índole, tamén no ámbito da promoción económica.

A sr. Alcalde toma a palabra: Un matiz que hai que facer aquí no convenio, e para informar a señora Fina. Ó que se refire tamén en relación os custes que van ter que estar contemplados nos orzamentos do Concello, é dicir as partidas orzamentarias que poden ir destinadas a colaborar coa Universidade teñen que estar previamente contempladas nos orzamentos municipais. Non ser vai poder gastar un euro sen que estea previamente autorizado e aprobado nos orzamentos, polo tanto as partidas destinadas a este convenio teñen que estar reflectidas no que é o orzamento do ano en curso, no ano en que se realicen esas actividades en base ó convenio.

A sr. Alcalde toma a palabra: Algúnha intervención máis, sr. Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós temos todo claro aparte está no convenio todo perfectamente explicado. O único que pediamos é ter esa información, porque hai, evidentemente hai convenios que virán a Pleno pola contía, hai outros acordos que dependo da contía non teñen porque vir a Pleno, segundo se nos dixo o outro día desde Secretaría.

O sr. Padrón toma a palabra: Dicía que dependo da contía, viría a Pleno ou non.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero é vontade deste Grupo de Goberno traer a Pleno información

O sr. Padrón toma a palabra: Por iso nós, pedimos que cando se firma algún convenio ou se vai a firmar algún convenio coa Universidade, e se informe ós grupos porque eses convenios non van vir a pleno, entón, pedimos unha Xunta de portavoces, ou información por parte do concelleiro de quenda, e, se o convenio é un convenio pequeno de mil ou dous mil euros, pois non fai falta unha Xunta de portavoces, simplemente con que o concelleiro nos informe tampouco é para meterlle gasto ó



concello. Estamos ó mellor falando dunha dun convenio de 10.000 € ou algo así máis importante, pois creo que é necesario darlle información ós grupos municipais cunha Xunta de portavoces. Iso é o que quería, o que pedimos nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Teñen o compromiso deste Grupo de Goberno que terán plena información, absoluta información, total transparencia de calquera convenio que fagamos coa Universidade de Vigo e que para nós incluso é positivo que vostedes coñezan isto, e que o coñeza todo o mundo por suposto

O sr. Alcalde toma a palabra: Facer unha xunta de portavoces antes de cada convenio como vostede solicitou antes. Última intervención, señora. Fina Varelas, por favor.

O sra. Varelas toma a palabra: Imos ver, que cantidade temos presupostada este ano para isto, que cantidade?

O sr. Fírvida toma a palabra: Nos orzamentos no capítulo dedicado a promoción económica, hai unha partida, agora mesmo non lembro cal é a cantidade, non sei, non hai varias partidas, pero hai outras partidas, que están no capítulo de traballos desenvolvidos con outras empresas, e esas partidas están para realizar, ou ben convenios coa Universidade ou ben contratos con empresas para realizar calquera tipo de traballo, de estudo, ou de desenvolvemento no ámbito da promoción económica, está nese capítulo.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Intervención dalgún grupo máis? Non. Votos a favor do convenio?. Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo. “**

7- ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ

A sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a elección do xuíz de paz. Esta é unha obriga legal tamén. Hai que cubrir a praza de Xuíz de Paz e de suplente, é un procedemento aberto, no que se presentan as persoas que cumpren os requisitos que se establecen por parte da lexislación vixente e queiran cubrir esta praza. Nesta ocasión presentáronse para cubrir a praza de Xuíz de Paz, D. José Luis Rodríguez Cougil, e para cubrir a praza de suplente, de xuíz suplente, D.



José Celso Otero Freire, ademais presentouse para cubrir a praza de xuíz, neste caso de Xuíza de Paz dona Marina Fernández Pestonit.

A proposta que fai esta alcaldía, despois de analizar os expedientes de cada unha das persoas que se presentaron, é a de que o Xuíz de Paz sexa José Luis Rodríguez Cougil e o Xuíz de Paz suplente sexa o José Celso Otero Freire. A razón desta proposta, é ben sinxela, as dúas persoas que se propoñen son persoas que viven no entorno do Concello, nas proximidades do xulgado, e son veciños do Concello, evidentemente a outra persoa Mariña Fernández Pestonit, é unha persoa residente en Noia, que é licenciada, por certo, en Dereito, pero non tería dispoñibilidade temporal para poderlle adicar o tempo suficiente para estes menesteres. Por tanto a proposta insisto e repito é José Luís Rodríguez Cougil de Xuíz titular, de Xuíz de Paz titular, e José Celso Otero Freire como xuíz suplente. Creo que todos coñecemos a estas dúas persoas, teñen a solvencia acreditada e polo tanto, esta proposta. Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Elección de Xuíz de Paz”

8- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS E URXENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL

A sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a declaración de servizos prioritarios e de urxente necesidade, contratación de persoal. Neste caso fan a proposta para que se contrate un administrativo para o Centro empresarial Transfronteirizo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde que é o responsable do centro en cuestión.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Xa se publicou na páxina web do concello de Barbadás, e nun medio de comunicación da provincia, a convocatoria dunha praza para un administrativo ou administrativa no Centro Empresarial Transfronteirizo posto que para desenvolver os proxectos que temos previstos e por en marcha, necesitamos contar con persoal suficiente para podelos por en marcha E agora mesmo no Centro Empresarial Transfronterizo só está traballando unha persoa, unha funcionaria, deste Concello, desta Casa e consideramos que é absolutamente insuficiente para, entre outras cousas, ter aberto este edificio, todas as mañás en horario laboral e tamén moitas tardes, porque nese lugar, se desenvolven actividades de promoción de emprego, cursos de formación, hai obradoiros de emprego que teñen alí o seu, obradoiros, a formación dual, ten alí o seu espazo de formación e tamén tanto a práctica como a teórica, son moitos os días nos que esta persoa ten que acudir polas



tardes ó Centro Empresarial para poder abrir fóra do seu horario superando superando a súa xornada laboral ordinaria, e consideramos que unha persoa soa ademais non vai ser capaz, non é capaz por falta de tempo material, para pór en marcha os proxectos que temos pensado tanto para o ámbito de promoción económica, de comercio, de turismo e desenvolvemento local.

A sr. Alcalde toma a palabra: Outra das propostas que se trae aquí a Pleno é a contratación de 6 peóns para brigadas municipais. Este ámbito fundamentalmente de urbanismo polo tanto ten a palabra a Concelleira de Urbanismo e Servizos públicos.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas e boas tardes a todos e a todas, e feliz ano. Pois con esta contratación que temos prevista de 6 peóns para as brigadas municipais, comeza unha nova senda no Concello de Barbadás, ábrese unha seira de máxima transparencia, e asepsia nas contratacións de persoal, algo ao que non estabamos acostumados, neste caso o criterio básico na elección das persoas que ocuparán é a experiencia profesional, querémolo deixar moi claro. O obxectivo é que os e as mellores traballadoras e traballadores pasen a formar parte das brigadas durante o período para o que estean contratadas, previsiblemente 11 meses para mellorar e arranxar vías públicas, beirarrúas parques, etc, etc. Resulta evidente que hai multitude de traballos que hai que acometer, colocación de sinais e espellos por colocar, mobiliario urbano que instalar, desbroces de beirarrúas que levar a cabo, eliminar barreiras arquitectónicas que aínda existen, pasos de peóns que pintar e un longo etcétera de tarefas que dende as brigadas do concello se acometerán nos vindeiros meses. Os medios humanos como todos sabemos dos que dispoñemos non son suficientes e por iso se evidencia a necesidade de contratar persoal. Isto leva sendo así desde moito tempo atrás e o Partido Popular que estivo no goberno coñece ben a situación. A diferenza é que antes se percorría a exteriorización do servizo, un procedemento no que primaba un suposto, suposto, favoritismo e agora farase con luz e taquígrafos, farase con luz e taquígrafos, mediante un sistema no que os e as políticas non temos nada que ver. É urxente esta contratación dos 6 peóns das brigadas pola inxente acumulación de tarefas acometer é necesario para que o óptimo funcionamento do municipio para redobrar así os esforzos no só para facer fronte á actividade cotiá que todos coñecemos senón tamén para rematar proxectos que vimos arrastrando dende hai anos como por exemplo pode ser a actualización do rueiro. Lembramos unha vez mais, que se primarán os criterios legalmente esixibles, que son publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o portavoz de Compromiso por Galicia señor. Ramón Padrón.



O sr. Padrón toma a palabra: Estamos de acordo coa convocatoria destas prazas, son necesarias e o único que queremos saber é no tema dos operarios de obras si cando se vai a facer as solicitudes e si vai a ser o mesmo procedemento que se levou a cabo para a solicitude para o administrativo do Centro Empresarial. E que nos pareceu exemplar, e nada máis.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra Democracia Ourensana

A sra. Varelas toma a palabra: Teño dúas preguntas a primeira, para contratar estas persoas hai que atacar primeiro ó PP para xustificar o traballo, aí queda fatal vostede, porque se compren operarios compren operarios, non estar atacando ó PP que está todo sen facer. E a segundo, e non son defensora do PP, pero simplemente, que vostede sempre está co PP na boca. E segunda cousa, pregúntome, para que fan falta os operarios, porque mire voulle dicir unha cousa, para facer o que están facendo escusan metelos, porque eu vexo cada día todo peor, de feito en Loiro, calquera día pode haber unha desgraza humana, e o único que fixo o Concello de Barbadás foi poñer alí unhas bandiñas, uns ferriños onda un canastro que calquera día ven todo abaixo, ridículo, ridículo, entón digo eu, para que fan falta obreiros?, porque iso podía poñelo calquera veciño, todo está todo mal feito e segundo teño entendido, aí atrás metestes xente para limpeza de A Valenzá ou xardinería, A Valenzá cada día está máis sucia, máis asquerosa, ou sexa dicídime para que queredes os obreiros, para vender favores políticos? Grazas.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boas tardes. Antes de comezar coa miña intervención desde o Grupo do Partido Popular de Barbadás, quixéramos facer unha solicitude si é viable, e é o de votar por separado a contratación do administrativo do CET e votar por outra banda os 6 peóns de obras, por que xa tiñamos pactado de antemán, de feito xa se están baremando as solicitudes do administrativo e entendemos que a favor estamos da contratación do administrativo, e na outra vámonos pronunciar agora. Si é factible esa votación por separado.

A sra. Secretaria toma a palabra: Aínda que desde o punto de vista formal aparece como un expediente unitario, o certo é que son expedientes independentes tanto en canto á declaración de servizo prioritario como á do procedemento estritamente de contratación. Por tanto si podería facerse.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois poderase votar por separado.

O sr. Fernández toma a palabra: Moitas grazas señora secretaria. Pois entón comezo un pouquiño, xustifico un pouquiño, o tema da contratación do administrativo do CET . Dende o noso grupo



pensamos que está máis que xustificada esta contratación xa que actualmente coma todas e todos sabedes, este centro dispón ata o día de hoxe dunha soa traballadora que ademais é a responsable do mesmo. Non cabe a menor dúbida que é un centro que hai que dinamizar e pór en valor como ata de agora se viña facendo, con apoio a empresas de recente creación, cooperación transfronteiriza, accións formativas para emprendedores, empresas, comerciantes, e desempregados. Ademais de campañas e cursos. Colabora, actualmente tamén co plan galego de inclusión social, alí ten a súa sede Adercou, o grupo desenvolvemento rural da comarca de Ourense. Ademais, estase a traballar en diferentes estudos e proxectos, polo tanto, vemos máis que xustificada a súa contratación. Hoxe nada máis nos queda darlle formalidade neste Pleno, xa que pola súa urxencia se tiña acordada esta necesidade, e de feito xa se convocou, coma ben dicía o Tenente Alcalde a súa cobertura, e xa están en fase de baremación as solicitudes presentadas.

No tocante ós 6 peóns para as brigadas municipais, aquí pasa xustamente o contrario, temos actualmente persoal, e logo vou a explicar o por que desta afirmación, pero o que nos falta é partida, cometidos e obras para levar adiante, pois non se nos presentou ata o de agora, ningún plan anual ou plurianual das actuacións que se pretenden facer neste eido, algo primordial para poder xustificar estas contratacións. Quero aproveitar para recoñecer o traballo de anteriores concelleiros e concelleira e a todo o persoal das brigadas que con poucos recursos foron quen de facer e moito ata o de agora, e por si fora pouco nos peores momentos da crise. Ben se indica na análise das necesidades do Concello que se nos presentaron e que agora mesmo teñen vostedes diante e cito: insuficiencia de peóns para abarcar todo o que compre manter por certo, este informe asínao o señor alcalde, polo tanto a xustificación non é técnica senón política, iso si que ten que quedar moi claro.

A ver, nós dende este grupo o que temos claro é que non imos facer o que nosos compañeiros de oposición, o mesmo que o señor Padrón nos ten acostumbrados ata o de agora, visto e prace ó Grupo de Goberno e chanca adiante, sen saber de que vai o tema nin terse informado primeiro, logo en caso de dúbida, abstéñome, ós meus veciños dígolle que non votei a favor e o grupo do goberno saca adiante o que pretende co seu beneplácito. Isto chámase, en linguaxe do pobo, tirar a pedra e agochar a man, e non dar a cara por os que nos puxeron aquí. Como sa lles dixemos no Pleno no que se aprobaron os orzamentos para este ano o aumento destinado a obras, parques e xardíns, escaso, por certo, non se corresponde coas pretensións destas contratacións, é dicir, contratamos á xente pero para mirar cara ó aire, cando noutras categorías coma o SAF, Servizo de Axuda no Fogar, hai dependentes en lista de espera e non temos persoal para prestarlles ese servizo señor. Núñez tome nota porque esta é unha



área moi importante e concretamente é a súa. Servizo que atende ós maiores e a xente en situacións de dependencia. Mire, actualmente este concello dispón no seu cadro de persoal de 8 traballadores nas brigadas, ademais de outros 4 traballadores que finalizan o seu contrato en novembro do 2016, e máis hasta hai mes e medio aínda había outros 4 a maiores que remataron en novembro de 2015. E dicir, estamos a falar de 16 traballadores, agora mesmo 12. Pretenden agora contratar a 6 peóns máis así, así ala ao grande, con cartos deste concello, sen esperar tan sequera por as axudas que concede a Xunta de Galicia nos plans de emprego e que saíron o 30 de decembro dirixidas precisamente ás entidades locais e para o caso en concreto que estamos a falar aquí, programas de cooperación, obradoiros de emprego, formación dual, axudas para a contratación de beneficiarios Risga, supoño e polo menos así o creo que xa as están solicitando. Si se contratan agora a 6 peóns, tal e como vostedes pretenden en número e forma, vanse atopar con centos de solicitudes, xa non só de veciñas e veciños do noso Municipio, senón tamén de fora, pois como ben explicou a secretaria nas Comisións Informativas, non se pode restrinxir a convocatoria unicamente á xente do noso Concello e xa non falemos dos custos en dietas que se lle van a pagar ós membros do tribunal que van baremar estas solicitudes e que non lles vai chegar precisamente soamente un día para facelo. Cando si se espera ás contratacións solicitando estas axudas polos programas que lles comentei antes nos aseguramos que si se poda contratar a desempregados deste Concello. Mire, a taxa de paro deste Concello, anda no 5,3, o 20% dos desempregados corresponden precisamente a estas categorías da construción, e estamos a falar dun número de desempregados na categoría de 100, dos cales máis da metade non está cobrando ao día de hoxe ningunha prestación, e moitos deles en situacións persoais e familiares moi complicadas. Nós desde logo, imos a traballar e velar pola inserción laboral dos nosos veciños e veciñas, que pagan os seus impostos en Barbadás, impostos que ademais se van a ver incrementados precisamente por actuacións coma esta, contratar indiscriminadamente e sen xeito. Deste mesmo xeito, tamén imos estar vixiantes porque chegaronnos rumores e insisto para que non se me malinterprete, rumores, de que xa se están ofertando estes postos nalgún pobo, rematei.

A sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Empezando polo compañeiro Padrón, dicirille que en canto poidamos sacaremos, farase público un anuncio similar ao que fixemos co Centro Empresarial Transfronteirizo, coa praza de administrativo e que o procedemento será o mesmo, valorarase o currículo persoal, e evidentemente poderanse presentar todas as persoas, evidentemente as persoas que se presentan a un contrato deste tipo son persoas desempregadas, señor Manuel Angel, evidentemente.



Isto faise porque é urxente e necesario porque vostede mesmo reconece que as brigadas actuais non son suficientes, o persoal que existe, e faise sobre todo para a brigada de obras, porque a de xardinería como vostede ben dixo xa está ben cuberta co apoio dos catro traballadores que son tamén ao mesmo tempo estudantes da formación dual, non son traballadores especificamente, entón iso é para brigadas de xardinería como xa explicamos varias aquí neste Pleno en reiteradas ocasións e agora faise para as brigadas de obras que son traballos máis específicos e incluso máis amplos. Cinco traballadores para as brigadas non son suficientes, é necesario contratar máis persoas, vostedes o reconecen. En anos anteriores fixérono externalizando o servizo. E a señora Fina dicirlle que por favor respecte un pouco máis ós traballadores municipais, porque son persoas que están continuamente traballando e facendo cousas, eliminando barreiras arquitectónicas, colocando sinais. En Loíro, en Loíro non soamente traballan as brigadas municipais, traballan outros servizos tamén para que todo funcione. E non sexa catastrofista pedímosllo por favor e respecto un pouquiño máis ós compañeiros e compañeiras. Evidentemente favores políticos ningún, porque para iso se vai a valorar por currículum e non o vamos a valorar ningún político. Mesturando un pouco co que dicía Manuel Angel, nós non andamos polos pobos vendendo ningún posto de traballo porque todo isto vaise facer público, mérito capacidade, publicidade e transparencia, entón non hai xustificación de favoritismos nin outro tipo e 'ismos', que como dixen en outras ocasións, cando estaba na oposición, practicaba o Partido Popular, e si teño que atacar ó Partido Popular porque o Partido Popular tiña un xeito da política de contratación e o goberno actual ten outro xeito de contratar e de seleccionar persoal. Evidentemente teño que referirme a eles e seguireime referindo. Que non hai partida? Con traballadores e con moita imaxinación e moitas ganas pódense facer moitas cousas, e nós demostrámolo nos seis meses que estivemos gobernando, porque co pouquiño diñeiro que deixou o Partido Popular fixéronse moitas cousas, se quere a listaxe, pódolla facer e entregarlla cando queira. Cometidos? Os cometidos téñoos eu nunha carpeta que avulta así. Ó mellor 30 ou 40 folios de cousas que deixaron vostedes sen facer, en épocas que tiñan diñeiro. Obras? Si quere, doulle un listado que podería abarcar ao mellor 100 obras pequenas que pode acometer a brigada de obras e que van a acometer estes operarios. E a materia pendente, e diríxome a señora Chelo, que é a líder da oposición, o rueiro. Levaron anos e anos e anos e non foron quen de acabar o rueiro, pois tamén se vai facer e para facer iso necesitamos persoal, porque o persoal que temos non é suficiente. Por iso está plenamente xustificada a urxencia e a necesidade da contratación destes 6 operarios.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.



O sr. Padrón toma a palabra: Dicirlle ó señor Manuel en representación do Partido Popular, que este Concelleiro está aquí en representación dos veciños que lle votaron, nin pedimos nada para nós, nin para min en particular, simplemente estamos aquí actuando con sentido común e defendendo as cousas que nos parecen xustas. Nós estamos tódolos días na rúa, estamos en contacto directo cos veciños, sobre todo dos pobos, e da zona nosa evidentemente, non tanto de Loíro, nin de Sobrado, nin de Bentraces, por desgracia, pero estamos en contacto directo cos veciños a pé de rúa, os veciños estanse queixando sempre de que falta, de que non se limpa aquí, de que non se limpa alí, falta isto, de que xa virán, a señora Victoria ou o que estaba antes na súa posición do anterior goberno, seguramente lle diría tamén ós veciños, pois hai que esperar un pouco, ou entón, claro que está xustificado o contratar 6 operarios máis. Aínda encima, grazas a este Concelleiro, tamén quero dicirlle, que este Concello conta hoxe con un millón trescentos mil euros máis no presuposto. Se fora por o Partido Popular, quedaríamos con seiscentos mil euros menos, co tema dos valores catastrais máis os setecentos mil que non poderíamos haber presupostado no anterior orzamento porque sen non lembran fai un mes, si non se aproba o orzamento, o orzamento houbera sido de 5 millóns e medio, e hoxe aprobouse un orzamento de seis millóns douscentos. Entón, creo que está máis que xustificado o tema da contratación dos 6 operarios, ogallá se podan contratar tamén máis xente para o tema da dependencia, das persoas que atenden as persoas maiores, que tamén hai queixas nese tema e nada máis. Non teño máis que dicir.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Padrón. Ten a palabra...

O sr. Padrón toma a palabra: E por responderlle á señora Victoria a líder da oposición, a súa Chelo, será a líder do seu partido, da oposición creo que non.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Ante todo quero aclarar que eu non me meto cos traballadores do Concello, para nada. Métome con vostede, porque é a responsable. Mire, voulle facer unha preguntitiña. Míreme á cara por favor. Vostede cando entra a súa casa entra por un camiño ben, verdade?. Chégalle a auga hasta xeonllo? Dígame, contésteme. Vostede chégalle a auga cando chega a súa casa. Pois eu estou entrando coa auga hasta a xeonllo! Entón para que quere operarios? para ter os camiños sen asfaltar. Para que quere ós operarios? É que sobran. É que eu non o entendo. É que non o entendo!. Mire si vostede ven hoxe á miña casa que leva 10 anos construída, eu teño auga hoxe pola xeonllo, non dou entrada á miña casa! Eu falei con vostede desde o mes de agosto e sabe que me di, “ay Fina máis adiante. Non pidas iso É que queda mal, e que ti es dun partido político” Mire, perdoe, eu son de



Democracia Orensana pero ante todo, espere que estou falando, o Alcalde xa te viu. Eu non a estou insultando, eu non a estou insultando

A sr. Alcalde toma a palabra: Un momentíño por favor, non nos alporicemos ningunha das dúas partes.

A sra. Varelas toma a palabra: Señor Alcalde, eu insulteina a caso?

A sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga por favor. estou dicindo que cada unha prosiga a súa intervención sen interromper

A sra. Varelas toma a palabra: E que me parece, me parece de mal gusto que pida operarios, para que?. Dígame. Vostede é a que di que no é a que non hai diñeiro. Agora de repente hai diñeiro para os operarios, e eu digo, si aínda se trouxera operarios e se vira, pero é que vostede vains ter pintando o indio por alí, porque non vale para dirixir, simplemente por iso, porque vostede a que estes días non pensou como estaba un veciño do Concello? Pensou vostede en min acaso? E coma min ten que haber máis xente. Vostede pensou, como entro eu a miña casa? Dígame, pensouno? Non, non o pensou, verdade?

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra.

A sra. Vispo toma a palabra : Por alusións, podo intervir?.

A sr. Alcalde toma a palabra: Brevísimas

A sra. Vispo toma a palabra: Dona Victoria, vou ser moi respectuosa con vostede, pero vostede ter que ser respectuosa cos tódolos cos traballadores, non eles, vostede ten que ser respectuosa con tódolos traballadores desta casa! porque eles son os que formaron parte destes tribunais que durante todos estes anos contrataron legalmente a todo os operarios que traballaron no Concello, e se vostede di o contrario, levarémola onde teñamos que levar pero que saiba que quen ten que pedirlle perdón é a os funcionarios que formaron parte deste tribunal e que hoxe está traballando con vostede e axudándoa vostede na súa labor de goberno. Nada máis.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Si, grazas, señor Alcalde. Imos ver, a carta como din de que non quedaron cartos, iso acabou. Xa pasaron os 6 meses, e estamos noutro ano con outros orzamentos, e punto pelota. Pero, dígolle señora Morenza que seguimos sen coñecer esas grandes obras que xustificarían estas contratacións, eu polo menos descoñézoas. Señor Padrón, vostede está na rúa coma o resto, mirando polas necesidades de cada un dos nosos veciños, e mirando pola súa inserción laboral como lles acabo de comentar, e dende logo faremoslle ver aos veciños, que habendo axudas para o



fomento do emprego que lles salería gratis as contratacións ó concello, están a utilizar cartos do mesmo, inxustificando estas contratacións. Moitas grazas.

A sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Nada dicirlle á señora Consuelo Vispo, que evidentemente non me refería aos traballadores municipais, referíame á exteriorización que vostedes decidiron facer durante anos e anos. Darlle o servizo a empresas privadas e contratar así a quen vostedes querían. Iso, sabe moi ben cal era o sistema, que o inventaron vostedes e dicirlle á señora Fina, mire que casualidade, non teño aquí a axenda, Non sei exactamente que día fun eu a Loiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: O 28 de xullo.

A sra. Morenza toma a palabra: O camiño Carreira Vella que fun hai unha semana e pouco, estiveren alí, tampouco lle vou comunicar todo o que fago o cabo do día. Estiven alí cunha técnica que vai facer un proxecto para asfaltar, porque a pista de Carreira Vella é unha das poucas que hai en todo o Concello e que se vai a asfaltar, porque evidentemente queremos que todos os veciños teñan máis ou menos todos os servizos. Estivemos alí e en máis lugares, ou sexa, que non fale moitas veces sen saber e procure respectar un pouquiño máis, porque si que evidentemente nos preocupamos, si que evidentemente os traballadores ou os operarios municipais, os 8 operarios municipais que están traballando agora e os 4 de educación dual, si se preocupan, si existe unha planificación. E estámolo demostrando, o que pasa e que vostedes hoxe non o queren recoñecer. Traían xa o argumento preparado e quédalles moi ben, pero xa o demostraremos e si queren xa lle faremos unha memoria de todo o que se fixo ata agora, e unha memoria de todo o que se vai facer.

A sr. Alcalde toma a palabra: Ben, mal gusto señora Fina o que vostede acaba de dicir. Vostede mesma recoñeceu que había 10 anos que lle levaba reclamando ó Goberno Municipal, neste caso do Partido Popular a solución para o seu viario, e non houbo solución. En 10 anos non houbo solución, sen embargo, este Goberno municipal leva 6 meses, 8 meses para ser exactos, e vostede xa se reuniu varias veces con esa señora concelleira e con este alcalde que tamén tivo a ben ir a visitar ese viario con vostede o día 28 de xullo e que nos comprometemos a que ese viario sería arranxado. Vostede pide para vostede, lémbreo, vostede pide para vostede e para outros veciños que viven alí, outros dous veciños que viven nese viario, pero vostede lémbrolle de novo, que vostede levaba 10 anos reclamando o arranxo dese viario, e en 6 meses 8 meses, este goberno municipal comprométese a que se lle vai a dar a mesma prioridade que outras viarios, pistas e camiños de outros veciños e veciñas deste Concello que teñen as mesmas necesidades. Ese viario vai ser arranxado, tivo o compromiso da



sra. concelleira, e ten o meu compromiso, pero non nos vote agora a nós a culpa de que o seu viario estea enfangado por estas chuvias cando leva 10 anos sen ningún tipo de solución. Estou intervindo eu señora Fina, daráselle coma dixen antes que a outras pistas e camiños deste concello, pero o señor Alcalde, o señor Alcalde e a señora Concelleira foron a ver ese viario, pois cando corresponda, cando corresponda ese viario igual que outros será arranxado, será arranxado. Moitas grazas.

Sometemos a votación, este, por separado ademais, este punto da orde do día. Hai dúas votacións polo tanto, a primeira votación será para votar a favor da contratación do administrativo ou administrativa do Centro Empresarial Transfronteirizo. Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Declaración de servizos prioritarios e urxencia e necesidade de contratación de persoal: administrativo/a CET.**”

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da seguinte contratación que sería a dos 6 peóns para obras. Votos a favor?. Abstencións?. Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PsdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourenzana e os votos en contra do PP o seguinte acordo:”**Declaración de servizos prioritarios e urxencia e necesidade de contratación de persoal: 6 peóns**”

9- APROBACIÓN INICIAL DA ORDEANANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS NAS ESCOLAS INFANTIS DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día e a aprobación inicial da ordenanza reguladora de axudas para a escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos nas escolas infantís de Barbadás. Ten a palabra o señor Serafín Núñez

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos os membros da Corporación e ao público asistente. O motivo fundamental polo que hoxe traemos a este pleno a ordenanza reguladora, para a aprobación inicial, a ordenanza reguladora de axudas de escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos nas escolas infantís de Barbadás, é que vendo efectivamente desde hai anos a actual escola infantil municipal non pode acoller a demanda de solicitudes de inscrición que se producen ano tras ano, e poño por caso para falar así máis concretamente, o pasado ano anterior, o ano 2015, no que quedaron fora da escola un total de 36 solicitudes, dicir, creo que xa o comentei tamén na Comisión



Informativa, dicir que destas solicitudes, un total de 12 solicitudes, accederon a axudas económicas para a atención da primeira infancia de escolas infantís de 0 a 3 anos dos sostidos coa axuda do cheque infantil da Xunta de Galicia. Polo que a presente convocatoria de axudas que hoxe pretendemos que se aprobe inicialmente vai dirixidas a esas 22 familias restantes, que non obtendo praza neste momento para os seus fillos e fillas na escola municipal, tampouco foron beneficiados destas axudas da Xunta. Efectivamente, entendemos que este listado pode verse incrementado, e verase incrementado no mes de setembro do ano actual, xa que é moi posible que o número de cativos, xa que é moi posible que dado o número de cativos que temos no Concello e sobre todo no tramo de idade de 2 a 3 anos xa que a cota que temos na escola infantil municipal o cobre practicamente na súa totalidade co alumnado que ben de 1 a 2, e que polo tanto xa está dentro da escola, polo tanto a previsión é que se repitan situacións e que volva de novo a incrementarse estas 24 solicitudes, estas 24 familias que poidan ser beneficiarias das axudas que pretendemos.

Dende a Concellería de Servizos Sociais no último trimestre do ano pasado puxémonos en contacto coas 24 familias que acabo de apuntar, e para precisar que tipo de axudas pois podían pretender, podían, digamos solicitar, necesitar, xornada completa, con ou sen comedor, media xornada con ou sen comedor, para desta maneira efectivamente, darlle forma ordenada e cuantificar as posibles axudas que se puideran conceder. Na Comisión Informativa do pasado xoves como efectivamente foron un pouco extensas tamén, non tiven a ocasión de debullar un pouco así polo miúdo a ordenanza, pois vouno facer agora moi por enriba, porque a ordenanza a teñen todos e entendo que todos saben ler, pero que en todo caso, pois dicir que, por exemplo no artigo 4 pois apúntase, no artigo 4 cando fala dos destinatarios das axudas, apúntase as dúas escolas infantís privadas que temos no Concello, que son Hadas y duendes e os Ananiños, recolle neste artigo que poderán ser beneficiarios as familias que matriculen alí pois os cativos durante o curso actual. Desta maneira resolvemos en certa medida a falla dunha segunda escola infantil municipal que precisa este Concello, dado que levamos xa varios anos con un número de nacementos en Barbadás que supera o centenar no 2014, pois tivemos 104 nacementos, e que as prazas que temos na escola infantil que é de 95 , polo tanto é evidente que non damos a cobertura que precisa a sociedade, que precisa a nosa cidadanía. Polo tanto mentres non sexamos capaces evidentemente de levar a diante, digamos que esta é unha das herdanzas que nos deixou o Partido Popular logo de 28 anos de goberno, non? é dicir, deixáronnos cuns servizos públicos en todo caso moi en precario e non vou a falar doutro tipo de servizos, podemos falar de educación, podemos falar doutro tipo de cuestións que temos falado, centro de día, instituto, etc, non vou a falar,



simplemente que vou a falar é da segunda escola infantil que efectivamente non se materializou no seu momento tamén, porque o Partido Popular non estivo por a labor no seu momento, cando tivo ocasión de ter subvencións por parte da administración autonómica. Polo tanto mentres este goberno sexa capaz de levar adiante este proxecto que entendemos necesario para a nosa veciñanza, hoxe coa aprobación desta ordenanza axudamos a familias que non puidemos admitir na pública por falta de prazas, de acordo? Apuntar que tamén con esta lista de axudas, e vou rematando, tamén se favorece que os pequenos e pequenas queden matriculados no Concello, polo tanto non teñen que desprazarse a outras localidades e se potencia en certa medida a economía local. Vou referirme un pouco ó artigo 7, que era o que quería facer na Comisión e que ao final pois non, non entrei en el, un pouco que é onde se estipulan pois as cantidades que se establecen de axuda en función das rendas, en función do IPREM, poden ver que establece, e remato, non sei, vou rematando, se establece unha contía máxima por mes de 100 € e unha mínima de 30 € en función da rendas dos IPREM que teñan as economías das familias beneficiarias e que se estipulan estas contías en función tamén das cantidades que se aplicaban, se van aplicar en función das contías que establecen as distintas escolas privadas e que establecen pois, unhas contías de 250 €, 8 horas con comedor, etcétera, etcétera, en función destas contías, pois se aplican unhas porcentaxes que onde vamos a subvencionar digamos entre 100 e 30 € que nos parecen unhas contías interesantes mensualmente e que poden, pois evidentemente, pois axudar a solventar esta problemática que temos neste problema, é dicir que poden ver que efectivamente, segundo se vai incrementando pois as rendas en función do IPREM, pois se vai reducindo o porcentaxe de axuda que estipulamos, de acordo? Creo que un pouco o que me quedaba por resinar na comisión informativa, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois ben, pois moitas grazas señor. Serafín Núñez. Ten a palabra o Sr. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, en primeiro lugar, no artigo 6 nos criterios de baremación como logo traemos unha moción relativo a este tema. Non se estipula nada das familias numerosas nin da cantidade de irmáns que teñan no centro que creemos que é algo fundamental á hora dos criterios de baremación, nada máis. O único, queda claro que cando se faga a solicitude por parte das familias que inscribieran ós nenos por exemplo no mes de setembro, e quedaron fóra por culpa esas 24 familias que quedaron fora, agora cando fagan a solicitude, por exemplo se a fan no mes de marzo, pois pagaráselle a partir de xaneiro, e que pasa, que o mellor unha familia que foi no mes de setembro a coller praza para a gardería quedou fora e esa familia tiña segundo o IPREM, tiña unha renda inferior ó 50 %, está



claro que unha familia que había unha entrada de diñeiro na casa de 300, 400, 500 € e quedou fóra da gardería infantil, está claro que non podo levar o neno á privada, entón esa é unha anomalía que temos que resolver. Está máis que claro que necesita este Concello unha gardería nova, outra gardería municipal, e o goberno está obrigado urxentemente a demandar da Xunta de Galicia outra gardería municipal, entón eu creo que hai que estar chamando practicamente tódolos días á Consellería, ou a quen sexa o responsable, para demandar esta gardería porque senón isto é un apaño malo, pero vamos ver si nos vindeiros meses se dan pasos neste sentido e conseguimos que Barbadás conte canto antes con outra gardería municipal. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor. Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Quero facerlle unha pregunta. Os pais que leven a gardería ós nenos a Ourense van a ter axuda? ou só os que estean aquí nas garderías do concello?, e outra pregunta é temos 30.000 € anuais, que pasa se gastamos ese diñeiro?, que vai tamén a haber outra lista de espera ata esa lista de espera? quero dicir, que non será mellor facer outra gardería municipal e loitar por ela e deixarnos de tantos remendos que ó final con conducen a nada e sempre van quedar persoas fóra?

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora. Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Voume quedar coa última frase do señor. Padrón. Claro que é un apaño malo señor. Padrón, claro que si. Señor Serafín Núñez, outro dos seus inventos. Imos a explicarlle á cidadanía, o punto 4 vou ser moi breve, o punto 4 aquí soamente se nomea a dúas garderías municipais, eu creo que neste Concello estamos fartos de oír que non pode haber unha discriminación de ser de Barbadás ou fóra de Barbadás. Se eu pago os meus xuros e teño a meu fillo, quedeime fora da solicitude da gardería municipal e por proximidade ó meu traballo ou porque a gardería é moito máis barata unha de Ourense, non me poden discriminar, e non dar-me esa subvención se non teño que traer ao neno a gardería aquí cando ao mellor é moito máis cara. Eu non estou de acordo, e sempre se falou a señora Interventora que está alí, pode dicir que non pode existir unha discriminación de os de fóra e os de dentro. E neste caso eu creo que non sei se nestas 22 familia, porque o descoñezo, hai algún caso dos que propuxen. Vostedes no outro día na Comisión Informativa, dicían que realmente ía a haber uns meses que non se ía a pagar esa subvención, si se vai pagar, sigo dicindo si eu teño a ese neno na gardería privada en Ourense, sabe que soamente por lei descansan, pero non o sabe, creo, descansan un mes, vale, nesa gardería, entón, podo xustificar,



setembro, outubro, novembro e decembro nesa gardería privada de fóra de Barbadás, ou incluso nas gardería de aquí, que tamén o saiba, porque realmente, cando pechaba a gardería municipal no mes de agosto, estes nenos algúns deles ían a estas dúas garderías, ou sexa que si se se pode levar a calquera neno, non ten porque ser por período 2015-2016, 2016-2017. Que vai pasar con esta subvención?, o ano que ben as solicitudes a gardería municipal van a ser unha marabunta, porque os pais ó ver que esta subvención se deu este ano, non sei se o ano que ven, segundo o señor Alcalde na Comisión informativa, darase ou non, segundo o orzamento, loxicamente van a optar a subvención desta gardería, perdón á formalización desta matrícula, porque así terán a vantaxe da subvención sen o 2017, é dicir, imos ter un exceso de matrículas, iso é o que pode pasar. Ben dicía o señor Padrón e a señora. Fina Varelas que levan xa 8 meses traballando neste Concello, gobernando, e que eu saía, a Consellería de Familia, neste momento non ten ningunha petición de gardería do Concello. Non está orzamentada, aparte diso, imos deixar pois que neste momento a Xunta non tivese cuartos para montar a segunda gardería, si pode a través doutros organismos públicos, pódense pedir subvencións para atencións á infancia. Como xa houbo o ano pasado e saben que no último Decreto da alcaldía que se nos entregaron, aparece unha subvención de a Deputación de 23.000 € é unha contía pequena pero ó mellor poderíase pedir unha contía maior, refirome a iso, e poño un exemplo, non por ser a Deputación, para crear un centro, un punto de atención á infancia, o punto de atención a infancia que ten o Concello hoxe, que posiblemente nós si houbéramos entrado a gobernar, si se faría, ata que tivéramos unha segunda gardería, hai locais neste concello que si se poden utilizar para iso, e hai nenos que non necesitan estar as 8 horas nunha gardería, se non que con xente contratada, que en vez de contratar a eses 6 peóns de obras, e gastarse o diñeiro que realmente non é necesario nin xustificable, porque neste momento e si o podo dicir, a Deputación está axudando coa brigada de obras aquí, iso non o dixeron tampouco, pero si hai mecanismos, como dixo meu compañeiro, para traer a xente que axude ás brigadas e en vez de contratas a eses 6 peóns, a contratar a xente para axudar a ese centro de atención á infancia, durante unhas horas para que os pais podan, pois 2/3 horas, dependendo das demandas dos pais, deixar a seus fillos alí. Non ten porque haber comedor, entón os locais que ten o Concello, e refirome a un en concreto que neste momento pois hai actividades alí, pero que se podería ben adicar a centro de atención á infancia, coma era o antigo local de Protección Civil. Entón, aí realmente o que estamos a ver é que vostedes non saben traballar, non saben pedir. O que si poderíamos é que imos facer alegacións a esta ordenanza, porque creo que hai que facelas, entendo que non está ben feita, e que é unha discriminación e oxalá non atopemos unha familia,



porque si nos imos a preocupar porque teña o seu fillo nunha gardería do centro, fóra de Barbadás e que vostedes non lle dean esta subvención. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: En principio, vou comezar por Compromiso por Barbadás, apunta o artigo 6 como criterios de súa valoración, efectivamente, podemos estar máis ou menos de acordo con determinadas cuestións que se poden falar de familias numerosas, doutro tipo de cuestións que se recollen tamén na ordenanza reguladora das taxas da Escola infantil, pero hoxe estamos evidentemente nun período de propondo unha aprobación inicial desta ordenanza e efectivamente, tódolos grupos políticos van a ter un período de alegación de 30 días onde podedes pois facer as alegacións que estimen oportunas, neste sentido ou noutro. Onde efectivamente, falades un pouco todos, tamén Compromiso con Barbadás, desa segunda escola infantil, evidentemente, eu xa o dixen na miña defensa, é dicir, nós levamos aquí 6 meses e nós temos o herdado de 28 anos do Partido Popular. Non se pode pensar agora que nós temos aquí baritas máxicas nin pos máxicos para solventar esta problemática. E refirome, o Partido Popular, deixou pasar subvencións para a construción dunha segunda escola infantil en anos anteriores, deixou pasar este paso, e agora que nos queren, reclamar a nós que en 6 meses teñamos xa encima da mesa cuestións que vostedes en 28 anos non foron capaces de facer, e foron negligentes a hora de conseguir esa subvención que permitira unha segunda escola, é dicir, alí os responsables en todo caso foron vostedes, nesa xestión e en esa falta de rigor a hora de poder optar a esa segunda escola infantil, que evidentemente precisamos. Se di que si é un apaño malo, eu non digo que sexa un apaño malo, e dicir, é unha ordenanza reguladora dunhas axudas para, como non somos capaces, temos 95 prazas, temos 105 nacementos ano, non somos capaces de dar abasto á demanda existente, pois facemos unha convocatoria de axudas para realmente permitir que a xente pois poda matricular ós seus fillos nas escolas, neste caso infantís privadas que hai no concello, de acordo?. Evidentemente eu creo que vai a ter este ano incidencia tamén, pero posiblemente vaia ter maior incidencia en anos sucesivos cando realmente haxa maior demanda tamén deste tipo de axudas, no caso de que isto en todo caso é unha axuda, unha convocatoria para este ano 2016, e en próximos anos si se consrgue unha segunda escola e se non haberá que seguir traballando nesta liña, algo que vostedes nunca fixeron nin nada parecido nin similar. Pódelle parecer un mal apaño pero é algo, estamos pondo encima da mesa diñeiro para familias que o precisan, e que se van a unha escola privada a gastarse os seus diñeiros porque na pública non os podemos admitir, vostedes non fixeron iso nin fartos de viño. Con respecto ao que dicía Democracia Orensana, nós estamos



fomentando que efectivamente, e de feito nos puxemos en contacto coas 24 familias, que poden ser neste momento, que podan ter a necesidade e que se van beneficiar destas axudas posiblemente, para que efectivamente, ver, xa o expliquei na miña intervención, que tipo de servizos precisan e a necesidade que para optar a esta liña de axudas deban matricular a seus fillos nas escolas infantís neste caso privada do Concello, como dixen é unha maneira de fomentar a economía local e fomentar os negocios neste caso tamén privados, e fomentar que os rapaces se pois se queden desde logo aquí. Orzamentamos 30.000 € que eu creo que este ano van a chegar, se non chegasen, pois nada máis. Os números están botados en función desas 24 familias e en función desas demandas que eles nos puxeron encima da mesa da necesidade que teñen en relación co servizo. En relación co Partido Popular que xa o falei un pouco, comentaba a señora voceira do Partido Popular si non sei que efectivamente os nenos descansan un mes, si sei que descansan un mes, o que si que é posible é estamos traballando nesta liña, que non se peche no mes de agosto un servizo público como vostedes fixeron durante anos e anos, de acordo? non? como que non?. Mentres foi xestionada por unha empresa privada pecharían, e cando pasou ao Concello seguiuuse pechando no mes de agosto, non me diga que non, porque é certo. Ben, pois efectivamente. Vale, perfectamente, eu o que estou dicindo e non me interrompa cando estou falando. Vou rematando, efectivamente vamos a intentar na liña de evidentemente non pechar en agosto é unha maneira de dar servizo á cidadanía que vostedes non eran capaces de dar no mes de agosto porque non todo o mundo se vai de vacacións no mes de agosto, hai xente que traballa e que está aquí ou que está no paro e ten que estar aquí, entón a esa xente vámoslle dar un servizo no mes de agosto que vostedes non lle daban. E, eu non creo que vaia a haber un aumento de matriculación, ningunha marabunta, coma vostedes din, vai a haber o número de matriculacións que está habendo na actualidade porque efectivamente, vai ser xente que as familias e os requisitos, empradronados no municipio de Barbadás, etc, etc, como establece o artigo 5, polo tanto vai a haber as peticións e as demandas que hai, haxa ou nonhaxa axuda. De acordo? Si remato, porque o demais xa falei un pouquiño do tema, de acordo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben . Ten a palabra o señor. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, nos faremos algún tipo de alegación, sobre todo como falamos antes nos criterios de valoración e algunha cousiña máis. Digo que seguimos pensando que é un mal apaño, é unha expresión tamén, porque o dato de 105 nacementos ó ano, ben di o que necesita este Concello, outra gardería. E aquí fálase de subvencións, antes o compañeiro do PP, dixo subvención , axudas a contratación, agora falouse aquí de axudas, hai que pedir subvencións á Deputación da, non



sei que, aquí todo o mundo sabe de subvencións, eu quero crer, porque nisto son un pouco novato, quero crer que neste Concello hai xente traballando buscando subvencións por todos os lados, todos os días, porque senón mal vamos, se as teño que ir buscar eu, entón eu supóñome que, non sei isto terá que respondelo o Grupo de Goberno que é que está ó fronte do Concello, eu quero crer que hai xente traballando buscando subvencións, creo que non é necesario que veñamos aquí a dicir, se alguén sabe delas, pois que as traia aquí antes de vir hoxe aquí, porque hai Comisións Informativas onde se pode informar, para iso son, e traer toda esa información, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicir, que eu voume abster desta moción porque non me gustan as cousas a medias, gústanme as cousas ben organizadas e ben feitas, non imos a arranxar nada cos 30.000 € porque vostede hai un pouco dixo, anos sucesivos, xa me da a entender que para o ano que ven vai a haber outra, e outra, e entón a segunda gardería municipal me parece que vai quedar para outro partido político, non para vostede, entón polo tanto non o vamos a apoiar aínda que me da moita pena porque sei que hai moitas familias necesitadas, e temos que axudalas, pero a forma en que vostede o leva e ca súa alteración, porque alérase moito tamén, non estou de acordo con ela, nin como está facendo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: En canto ao que lle dixen antes sr. Serafín Núñez, non me contestou a nada. A ver si, leume o que é a subvención, sei ler, como di vostede, pero á discriminación non me contestou, ó punto de atención á infancia non me contestou, ou sexa foise vostede, si que todo queda moi bonito. Non vou a seguir, o que si lle vou dicir, é que realmente ten razón o señor. Padrón na baremación tamén, hai outro tipo de baremación, entón imos a traer as alegacións para que a ordenanza como loxicamente xa sabemos que aquí se vai a aprobar, entón polo menos que si esas alegacións podan axudar a que esta ordenanza sexa cen por cen correcta e que non haxa discriminacións, así o imos a facer. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo, teño o quenda de palabra, o Alcalde ten dereito a intervir cando o considere oportuno. Imos ver, vostede remítese sistematicamente ás actas. Eu voume remitir tamén neste caso a unha acta, algún grupo que está agora mesmo no Goberno, e creo que os dous grupos que están no goberno, en todo momento defenderon os intereses dos cativos e das cativas deste Concello, incluso se trouxo a este Pleno unha proposta, a



este Pleno non, a este foro algunha proposta para facer un Punto de Atención a Infancia en Bentraces, cousa que vostedes rexeitaron, cousa que vostedes rexeitaron, con ánimo ademais non só de atender ás necesidades da infancia deste Concello senón tamén para dinamizar o rural deste Concello, vostedes votaron en contra, resulta que agora, agora aparece diñeiro para un punto de atención á infancia, ou supostamente agora chega para un Punto de Atención á Infancia pero un local, máis ben, é un aparcamenos, cando se lles propuxo un local digno e decente, que daquelas vostedes desvotaron. Polo tanto sexamos coherentes tamén co que se di. Moitas grazas. Votos a favor desta proposta. Abstencións?. Votos en contra?. Moitas grazas. Queda aprobada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PsdG- PSOE e BNG, as abstencións do Grupo Mixto e Democracia Ourensana e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Ordenanza reguladora de axudas para a escolarización de nenos e nenas de 0-3 anos nas escolas infantís de Barbadás.”**

10- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A PROBLEMÁTICA DA ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS “ O FONVAL” DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a problemática da Asociación de Xubilados e Pensionistas Fonval de Barbadás. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Ante a multitude de queixas que están a chegar ao noso grupo por parte de asociados e usuarios do local da terceira idade O Fonval, é imprescindible tomar medidas. Cada vez máis xente ven a queixarse polo uso que se lle deu ó local, así como o trato dispensado polos supostos encargados aos membros desta asociación. A Asociación de Pensionistas e Xubilados O Fonval, leva anos funcionando no Concello, e foi sempre un referente en canto a calidade e servizo para o resto da provincia de Ourense. Pese á tremenda crise padecida neste País e maila dispoñer de poucos recursos no noso Concello durante estes últimos anos o goberno municipal anterior foi quen de manter o servizo intacto e con estándares de calidade alta para os cidadáns. Este novo goberno do bipartito / tripartito municipal o que fixo foi meterse noutro servizo que funcionaba ben e esnaquizalo. O mesmo que fixo nas manualidades, na recollida de xoguetes para familias necesitadas, na recollida de roupa, na organización de traballadores do concello e un longo etcétera. Proba da mala xestión de PSOE, BNG, Compromiso, é que tivo que recolocar no mesmo é indemnizar con cartos de tódolos veciños a traballadores despedidos ou mobilizados de xeito ilegal. A mala xestión do novo goberno



estoupa unha vez máis coma nos ten acostumados ultimamente. No local contouse sempre cun servizo para os xubilados por parte dos dous traballadores do concello. A xestión do servizo levábaa o concello directamente e as persoas maiores estaban satisfeitos. Esas mesmas persoas maiores que levantaron este país co suor das súas fronteas e co seu esforzo, tanto en Galiza coma na emigración. Eles son os que conseguiron levarnos a ser dos países máis adiantados do mundo por tanto non lles estamos a regalar nada ós nosos xubilados. Estamos a darlle as grazas polos seus esforzos, que ben o merecen. Unha vez máis ponse de manifesto que o Grupo de Goberno tripartito non sabe por onde anda. Cambia xente de situación sen saber as súas tarefas, cede os servizos de Fonval a xente particular para que faga o seu negocio en competencia desleal con outros veciños que tiveron que investir para montar cafeterías, non fixo inventario nin dos bens do local, etc. Que pasa se desaparece material do local? Quen vai ser o responsable? Vai ter que asumir o señor Alcalde as perdas e como sempre repercutir os custes nos veciños de Barbadás? Que seguro ten o local se alguén se manca nel? Que pasa se hai algún intoxicado ó consumir no bar? Quen vai ser o responsable? Quen vai pagar ó final? Non sinalamos as persoas en concreto que xestionan hoxe a cafetería, que quede ben claro, con nome e apelidos, non temos nada contra eles, pero nós o que queremos é que o servizo no Fonval siga sendo o mellor, e recuperen o local coma estaba anteriormente.

O Partido Popular de Barbadás non vai consentir que xoguen coa existencia dos nosos maiores no concello, e mesmo co respecto a eles no debido, por todo iso o Grupo Municipal Popular do Concello de Barbadás, pide que o pleno aprobe o seguinte acordo: volva ó status quo anterior o mesmo servizo aos pensionistas por parte do concello e cos mesmos encargados anteriormente. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón de Compromiso por Barbadás

O sr. Padrón toma a palabra: Con relación a esta moción, temos que dicir, que o local Fonval cando estivemos en campaña electoral, pedímonos precisamente a situación que teñen hoxe. Nós puxémonos en contacto cos dirixentes, a directiva que leva o local e están contentos como funciona. Incluso tiveron unhas eleccións onte penso, e que están contentos como está funcionando o local. Entón non, non sei, ao mellor hai problemas alí, non digo que non, pero serán problemas como existen en todo tipo de asociacións, clubs ou asociacións ou o que sexa, son problemáticas que terán que resolver entre os socios, a directiva, pero vamos, eles o que é o Concello o que lle fixo, eran as demandas que eles tiñan, e a nós así no lo transmitiron.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de



Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Aquí penso que xa que o Concello ten o local cedido, o Concello ten que mirar que as cousas estean funcionando ben, porque ao mellor estano facendo mal, porque o que se comentou o outro día na Comisión Informativa, que hai persoas que entran a xogar as cartas e que se lle botan porque non consumen, iso non se pode facer. Entón eu penso que o Concello tiña un pouco que supervisar o que se fai nas instalacións do Concello porque é ben certo si eles queren o que teñen, si o piden será porque o queren, pero a responsabilidade un pouco do Concello é velar que as cousas alí se fagan un pouco ben, porque iso o que non pode funcionar é coma unha cafetería externa cando non é un local diso, entón pídlle ó Goberno que mire un pouco e que poña un pouco de orde, porque outra cousa eu penso que non se pode facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Unha das cuestións que debeu afrontar este Goberno a mediados do 2015 cando entramos no goberno municipal era unha situación de persoal que era absolutamente kafkiana, por exemplo, determinado persoal que estaba adscrito a algún servizo, sen un cometido específico, simplemente que estaban alí e simplemente por quentar unha banquetta, que iso era o que facían os cometidos que ó mellor vostedes lle tiñan asignado a determinado persoal, algo que efectivamente para este equipo de goberno resulta inadmisibile desde calquera punto de vista, polo tanto decidiuse reubicar o persoal que neste caso atendía o bar de Fonval noutro servizo e noutras funcións que noutro momento, noutro Pleno, falamos da cuestión e que eran funcións pois que realmente puideran cobrar o xornal que tiñan encomendado e puideran ter uns cometidos específicos, non estar alí por estar alí, porque non se pode cobrar un soldo por estar en ningún lado, por estar por estar, a vostedes dáballes igual porque como era público, os cuartos públicos lle daban o mesmo en que se destinen, pero evidentemente nós non, nós estamos por reordenar ao persoal e telo traballando e facendo cousas específicas determinados traballos e telos rendendo, non estar por estar, a vostedes dáballes igual 5 que 50 como os diñeiros non eran seus dáballes exactamente o mesmo. E eu teño o xeito de falar que teño, non podo, agora xa de vello, non vou a cambiar. Síntoo, se alguén se molesta, intento non ofender a ninguén, falo así, porque falo así, de acordo?.

O que si lles podo comunicar é que no mes de setembro cando se procedeu á reubicación do persoal que atendía este bar, pola directiva da asociación Fonval pois se rexistrara un escrito no Concello onde se solicitou efectivamente unha autorización para autoxestionar o servizo do bar que é o que estamos



facendo na actualidade, e unha autoxestión, aí non hai xente particular, alí non hai astronautas, alí hai un socio autorizado pola asociación Fonval para dirixir e xestionar o bar. Son eles mesmos que autoxestionan, e dicir, nós alí non temos máis nada que dicir, porque en todo caso a instalación pode ser municipal pero en todo caso é unha cesión que se fíxo e eles están facendo esa xestión. Fala o Partido Popular dun inventario, dicir, si ten interese nun inventario fágolle chegar un inventario. Claro que se inventariou o que había naquel momento, outra cousa é que vostede non o teña, pero está, se o pide en secretaría llo poden dar, llo poden ofertar a vostede e a calquera. Non creo que se lle moleste demasiado, vostedes veñen aquí a dicir que non hai inventario, pois si que hai inventario, téñoos aquí, e en secretaría ou intervención pode pedilo si o quere. Podo neste momento pois informar como di aquí o señor Ramón Padrón sobre houbo recentemente elección, creo que onte, da nova directiva e que en reunións mantidas en datas recentes coa directiva que había nese momento pois se ten dilucidado alternativas distintas a situación actual, que neste momento pois si eles estiman oportuno seguir coa situación actual seguirán, e senón buscaren outra alternativa distinta, é dicir, o que está claro e que nós o goberno non imos a inxerir na política das asociacións, iso está moi lonxe do que entendemos se debe facer. Pois nada máis, dicir que di a voceira de Democracia Orensana que se bota á xente de alí, non se bota a ninguén de alí, efectivamente é un bar para os asociados, si gastan gastan, si non gastan non gastan e non creo que en ningún modo algún se deron ese tipo de situacións. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra: Si que se bota xente de alí. Temos unha persoa que loxicamente, temos nome e apelidos, non a imos a nomear, xa sabe que pola Lei de Protección de Datos se non quere dicilo ela mesma. A tarde das eleccións estaba unha compañeira que está neste momento na sala e si se botou a unha persoa do local, a diario hai problemas alí. Nós o Partido Popular non se vai a meter nunca na asociación, a Asociación onte elixiu a un presidente novo que nos acompaña agora á tarde, lle damos a noraboa, e benvido sexa, pero o Concello ten que controlar o que é un local municipal, vale? Nós non nos estamos metendo coa asociación nin coas persoas que están neste momento rexentando o bar, nós o que nos metemos e que é unha cafetería neste momento privada onde realmente ten un cartel na porta onde pon bar O Fonval, e onde entran persoal particulares e que non están a disposición, si está a disposición, a palabra non é adecuada, está a disposición dos pensionistas e de todo o público en xeral. Cando non estaba ata o de agora, O seu modo a xente que está alí xogando as cartas pois se fai non sei si é, unha grella ou algo, non sabemos dicir exactamente, onde pois a xente lle molesta o fume, ou sexa nós traemos unha carta hoxe, que non lla imos deixar, porque



Illa van deixar ó señor Alcalde onde existen todas as firmas e todo o que eles escribiron e me gustaría lerlla ó señor Alcalde aínda eles en compañía do partido Popular si Illa van a presentar ó señor. Alcalde. O único que queremos é non meternos coa asociación, non. Senón que o Concello lle da a asociación unha subvención de 3.000 €, cedulles un local que segundo eles, despois en rogos e preguntas diremos o que pedimos a este goberno e demostraremos que iso é un uso incorrecto de ese local, pero si queremos ler a carta que os pensionistas nos entregaron para facerlla chegar ó sr. Alcalde. E que quede moi claro non nos metemos nin co persoal da cafetería nin coa asociación, senón que queremos reivindicar a este Grupo de Goberno que o local volva a ser de uso de Fonval, dos pensionistas, como tiñan ata o de agora, que non é do uso que se lle estaba dando ata agora, que eles non piden unha cafetería o que piden é, na reunión que nós mantivemos con eles, incluso se brindan a limpar eles mesmos, e a ter unhas máquinas expendedoras se queren un café ou unha auga, que non necesitan nada máis. Incluso miren o que están a pedir, pero paso a lerlle a carta.

“Excelentísimo sr. Alcalde de Barbadás, somos un nutrido grupo de pensionistas e xubilados que ata o día de hoxe ou mellor dito ata as pasadas eleccións viñamos facendo uso dunhas instalacións que se inauguraron para goce das persoas da terceira idade fai xa bastantes anos, sendo da nosa enteira satisfacción, aínda que cun horario limitado. Os cambios que recentemente se produciron impídenos o goce ordinario das devanditas instalacións tal e como o viñamos facendo, posto que ao entrar nenos e novos, uns e outros saímos perdendo, xa que a convivencia non é normal. Rogámoslle teña en conta a nosa suxestión, canto máis é unha das súas promesas electorais que os maiores necesitaban un centro de día onde reunirse. Este local en cuestión xa estaba dispoñible para nós e estábamos conformes con el. Non nos pareceu ben a falta de tacto ao non informarnos nin consultarnos sobre os cambios que se produciron, tanto na xestión como no modo de uso do referido local. Cremos que con boa vontade e diálogo, diálogo, pódese dar unha solución satisfactoria para todos, se vostede ten a ben recibirmos e escoitarnos. Esperamos unha boa acollida da nosa solicitude tanto da seu parte como da Corporación municipal xa que á fin e ao cabo son os representantes de todos os veciños.

Atentamente "

E aquí temos máis folios onde se recolleron a parte, ou sexa, non soamente como dicían antes non había problemas, señor Padrón, nós non nos queremos meter coa asociación, nós vimos a reivindicar un local para os maiores, para os nosos maiores deste Concello, de como estaba a funcionar antes, e xa lle sigo dicindo que se viñeron a nós é porque pediron falar varias veces, e non se lle, ou sexa, non puideron, con nomes e apelidos, non os imos a traer, diranllo ao señor Alcalde cando teñan a reunión



con el, pero que si pediron que pasa, que pois, déusenos na Comisión Informativa unha serie de, non sei ben como dicir, ao que nós expomos a esta moción, que non encontrabamos lóxica por parte do señor Alcalde, esta é a carta que queríamos traer e puxéronse en contacto connosco e desde logo o Partido Popular vai chegar ata o final e sobre todo con axuda da oposición, en que eles sigan tendo un local digno. Nada máis. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Eu só quero dicir vista a situación que é do noso ánimo que se resolva calquera tipo, e é o obriga do goberno, calquera tipo de situación que poda haber en calquera, nese local coma en calquera local de Concello coma en calquera sitio. O que si non estamos de acordo coa moción en que se volva ó que había antes, porque o que había antes non o querían os propios asociados, entón, pois xa digo, puxémonos en contacto con eles e eles están contentos, xa digo, problemas que podan xurdir si esa xente que nós non temos, a nós non nos achegaron ningunha carta nin nada, por iso non podemos falar, eu reunime coa directiva, o normal, pero a día de hoxe a nós ninguén nos achegou nada, entón non podemos valorar nada, como vostede entenderá, eu non poño en dúbida que haxa xente que estea afectado ou que estea en contra coma en calquera sitio, pero se a nós fan chegar unhas queixas nós non podemos valoralas, está claro. Entón o que temos é o que di a directiva e están contentos. Creo que o queira xusto, pola nosa parte creemos niso, non é porque no lo pediran, creemos niso polo que estaba claro que había dúas persoas alí que estaban, podían estar traballando noutro sitio mellor aproveitadas. Eles levan aquilo, lévano ben, funciona, agora si se houbera algún problema pois o goberno que reciba a esas persoas e que trate de solucionalo que é para o que estamos aquí. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Padrón. Ten a palabra a voceira, señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu quero dicir que un problema haino porque se non houbera problema non estaríamos debatendo este punto. Está claro que hai descontento e volvo a dicir eu, un pouco o que di Ramón, eu non digo que volva coma antes, eu o único que quero e que as cousas pois para xente da terceira idade estean ben. Ten que ser un local onde eles se sentan a gusto e estea ben xestionado, se desde o Concello podemos axudalos a que as cousas funcionen e que se fagan correctamente, creo que é o noso deber e penso que temos que estar para escoitalos non só en campaña electoral e deixarnos de tantas promesas, senón pois ir onde eles e que eles se acerquen a nós



e que nolo digan. Eu, en Democracia Orensana, estamos encantados de escoitar a todo o mundo nas cousas que podemos axudalos, está claro que hai xente que está contenta, outra descontenta. Penso que o goberno se ten que sentar con eles, escoitalos e chegar a un consenso e axudalos porque está visto que hai un problema, e señor Sarín, dicindo que non, non evitamos o problema, escóiteos e despois xa falamos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor. Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu penso que dende o equipo de goberno valoramos, efectivamente, nin remotamente pensamos en volver á situación que vostedes tiñan. Xa llo expliquei no seu momento, é dicir, iso é inadmisíble, e dicir, non se pode volver a ter persoal municipal quentando unha banqueta, o persoal ten que estar traballando. Entón, eu tampouco creo que haxa ninguén que evidentemente queira volver a este tipo de cuestións, e dicir, que pode haber xente, algún asociado que como vostede manifesta, pois están en contra da situación actual, non o sei, que entran rapaces ou se expulsou a alguén de alí, é dicir, a min non me consta que se expulsara a ninguén de alí, en todo caso se houbera algún tipo de problemática habería que avisar á policía ou normalizar a situación, pero non me consta que houbera ningún tipo de expulsión de algún persoal ó respecto, eu, o que lle podo dicir é efectivamente, xa llo dixen na miña primeira intervención, nas últimas reunións, e nós de feito, dende o Grupo de Goberno estamos e estivemos sempre, falamos coa directiva, falamos cos asociados, falamos con quen faga falta, o señor Alcalde e máis eu e puntualmente outros compañeiros, temos tido reunións con uns con outros e con quen faga falta para tentar buscar alternativas e solucións a isto que plantexa coma problema. Eu si o que si lle podo dicir pois é que dende o mes de setembro, hai unha petición por parte da directiva da asociación onde se solicita esta autoxestión por parte do bar, onde hai uns acordos da xunta directiva onde se estipula que efectivamente se cede o dereito, e se cede a un socio que é quen está hoxe xestionando e está recollido en acordos da xunta directiva, entón nós, e en últimas reunións si efectivamente temos constatado que se podan dar e camiñar en sentido distinto ó que hai na actualidade que sexa ou non socio, ou a instalación de máquinas expendedoras como están dicindo ou outro tipo de alternativas que nos permitan que o bar funcione sen que teñamos que ter a ningunha persoa alí mirando para ninguén. Falan de grellas, dunha grella, hai un extractor, coma en calquera casa vostede acender unha cociña e hai un extractor, coma en calquera negocio de hostalería hai un extractor por enriba dunha prancha ou dunha cociña coma hai tamén na cafetería Fonval, no sei que tipo de problemática pode haber ó respecto. É dicir, non dende logo estamos, pois abertos a



calquera tipo de cuestión e dende logo foi unha iniciativa que dende logo neste caso partiu da propia asociación para autoxestionar o local. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Chelo, señora Fina, promesas electorais si, pero un centro de día non é o mesmo que un local social da terceira idade. Si, nós fixemos algunha promesa de traballar por un centro de día, e vostede mestura, con un local social. Esa é a primeira cuestión. Dicar tamén que tanto o señor Serafín Núñez coma min mesmo coma algún outro Concelleiro ou Concelleira se reuniron cos directivos de Fonval, cos asociados de Fonval e aínda este venres estiven falando e tamén o señor Tenente Alcalde, con membros da directiva e socios e socias de Fonval, aínda este venres con xente ademais que transmite as súas críticas ou que trasladan aquí. Eu persoalmente tamén estiven falando por teléfono con algunha persoa que transmitía esas críticas, polo tanto estamos sendo receptivos en todo momento a esas críticas, tamén é certo que é un colectivo que ten unha directiva e as queixas, as críticas e os disensos transmitense e trasládanse e canalízanse a través da xunta directiva que para iso é elixida democraticamente polos asociados e asociadas, así. Teño entendido ademais que o tema da cafetería foi debatido este domingo na asemblea que tivo Fonval, polo tanto creo tamén que teñen tomada unha decisión sobre ese asunto, que nós acolleremos e estudaremos e intentaremos solventalo, e estar ó seu servizo e tamén quero pór en valor aquí todas as melloras que se fixeron desde o mes de xuño que tomou posesión este novo goberno no local social que se lle cedeu a Fonval, local social que en moitos momentos estivo sometido e sumido nun abandono por parte do Partido Popular, e tamén dicirlle outra cuestión máis, centros de similares características son xestionados do mesmo xeito e a eles teñen acceso outros, outras persoas que non son usuarios ou usuarias do centro, que non son asociados, non fai falta ir moi lonxe para encontrarse coa situación en Ourense, creo lembrar que hai unha perruquería á cal teñen acceso, á cal ten acceso non só asociados e asociadas senón outros usuarios, e o mesmo ocorre coa cafetería. Polo tanto hai que situarse nun contesto de verdade, de realidade, que non é a súa verdade. Moitas grazas.

Votos a favor. Remataron as intervencións. No, non hai máis dereito a intervencións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Un minuto? Si ó consumirse o seu quenda, polo tanto un minuto, pero non sei que alusión lle fixen eu a vostede persoalmente.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): A verdade, ou sexa a ver, é un minuto nada máis. A verdade é a carta que traio dos pensionistas, nada máis, ou sexa nada mais. Non é a miña verdade, é a verdade do que está a pasar e demostráremolo.

O sr. Alcalde toma a palabra: A verdade dunha parte dun colectivo que estamos aquí debatendo.



Moitas grazas. Votos a favor. Rogo ó final. Pode intervir ó final do Pleno.

Votos a favor da moción?. Votos en contra?. Abstencións?. Moitas Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourensana e os votos a favor do PP o seguinte acordo: “Moción do partido Popular de Barbadás sobre a problemática da asociación de xubilados e pensionistas “O Fonval” de Barbadás.

11- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE AS ACTIVIDADES REALIZADAS POLO GRUPO DE GOBERNO DURANTE A ÉPOCA NAVIDEÑA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás sobre as actividades realizadas polo Grupo de Goberno durante a época navideña. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Imos ver, el, é que estou anonadada xa con este tema, pero xa non sabemos cal é verdade, cal é mentira, se traemos as cousas, se non as traemos, tamén me van a negar que isto non é o programa que había en... tamén? Entón isto, como é unha verdade que era o programa que tiña a Concelleira de Cultura, creo que aquí non aparecía por ningún lado a visita de Papa Noel aos nenos do Concello de Barbadás, verdade?. Non, non, vale, só pregunto iso.

Non importa que me responda. Imos ver, o que queremos con esta moción é que os veciños de Barbadás coñezan que hai unha duplicidade do gasto nun bipartito é que houbo un Nadal do Partido Socialista e un Nadal do Bloque Nacionalista Galego. Hoxe, falando na nosa pre-reunión do Pleno, facíanos graza que unha serie de veciños comentábanos pola rúa e quéiranos crer ou non, dános igual, porque son as nosas verdades, diciannos " ah! este é o programa do Bloque e este é o programa do PSOE, e o de deportes do PSOE, ou sexa que mirade o que temos aquí", a ver, iso é así, que queredes crelo, perfectamente. Empezamos por Cultura, saben que hoxe presentamos pola mañá unha serie de preguntas para que nos contesten por escrito este Grupo de Goberno en tema ao que antes era a moción de Fonval e ao que eran os gastos de Nadal para dicirlles aos veciños de Barbadás o que custou este Nadal, e do que se esqueceu realmente este Grupo de Goberno. A visita do Apalpador e o seu medio de transporte. Vostedes saben que o medio de transporte que trouxo o Apalpador era un burro. Nós non estamos en contra de que o medio de que un burro veña a Barbadás nin do Apalpador, as tradicións culturais teñen que non non non,

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, por favor, non interrompamos e que cada un que expoña a



súa opinión cando corresponda e con respecto.

A sra. Vispo toma a palabra : Fina, claro que a xente llo tomou a broma, pero

O sr. Alcalde toma a palabra: E que non hai ningún cachondeo cando se trata dunha tradición cultural. Eu francamente, francamente sorpréndome, pero non quero interromper máis.

A sra. Vispo toma a palabra : Non, refírome ó burro, non ó Apalpador

O sr. Alcalde toma a palabra: E non estou facendo ningunha broma

A sra. Vispo toma a palabra : Vale.

O sr. Alcalde toma a palabra: E non estou facendo ningunha broma. É unha tradición cultural da nosa terra e desde logo que non me parece ningunha broma.

A sra. Vispo toma a palabra : No no no no nó. Perdón, refírome ó burro, non ó Apalpador

O sr. Alcalde toma a palabra: E que o burro pertence a esta tradición cultural se vostede non a coñece... pero vamos...

A sra. Vispo toma a palabra (PP): É igual.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, prosiga.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdón, perdón. Teño un minuto máis, porque mo quitou. A visita do Apalpador e do burro, o que dicíamos, é unha tradición que loxicamente os colexios e como vostede ben dicía o outro día na comisión informativa, a Xunta promúlgao, e nós estamos de acordo en que a cultura, os nenos téñena que coñecer, pero que como estamos no século XXI e os nenos teñen asociado é o Papá Noel, nós o que reivindicamos é que o Papa Noel tamén viñese e efectivamente eu non vou entrar agora en conversacións privadas de persoas do Grupo de Goberno, eu si trasladei, trasladei, e non vou dicir a quen nin onde, porque creo que iso queda en conversacións privadas, díxenlles que a cidadanía non vía en ningún dos carteis de, tanto de cultura como de xuventude, que faltaba Papa Noel e efectivamente dixéronme que ía vir, do cal me alegrei e lles di o parabén e oxalá que por moitos anos. O Apalpador? claro que si, os nenos téñeno que coñecer, pero nese motivo o que fixeron no polideportivo é un dobre gasto que estamos a pedir a factura do tapiz para tapar o que era a pista central porque loxicamente foron sobre 400/500 nenos ao que era o polideportivo, e fixeron perfectamente, e doulles os parabéns, tiveron que comprar ese tapiz para que o chan non se estrague. Estamos a pedir todas esas facturas para demostrar o que custou este Nadal. A visita dos Reis Meigos, todos saben que durante anos o Partido Popular trouxo aos Reis Meigos para que os nenos de Barbadás tivéseno cunha serie de “regalitos”, porque realmente pois a economía non estaba moi boiante. O que queremos é tamén esas facturas deses xoguetes que nos parecen perfectos,



pero queremos demostrar o que imos, no próximo Pleno imos a traer. Torneo solidario, diciannos o outro día nas Comisións Informativas, que era a primeira vez que se facía torneos solidarios, non, imos ver os torneos solidarios xa se facían outros anos coa recollida de alimentos. Nós preguntamos nunha das cuestións que hoxe á mañá metemos por rexistro, é onde se atopan eses alimentos, eses xoguetes, e esa roupa recollida, iso é outro tema que queremos que a cidadanía o coñeza. Dixéronnos nesa Comisión informativa que a xente tiña coñecemento do local, o local si que tiña coñecemento de recollida, pero non estaban avisadas as familias, que hai unha lista que por desgraza neste Concello fan uso desa recollida de alimentos, para que fosen a ese local, que é para que todo o mundo saiba, antiga Protección Civil, que é onde están os alimentos, a roupa e os xoguetes para que os fosen a recoller. Non sei se son coñecedores que xa o dixemos na campaña, que coa iluminación pública, a verdade, e nós recoñecemos ante a cidadanía que a iluminación pública estivo moi ben, a árbore foi moi bonito e que o dixemos aquí nas Comisións informativas, pero que realmente a iluminación pública non quita de que haxa campaña solidarias, solidarias, coa xente necesitada do Concello. En primeiro lugar non se lles avisou de onde podían recoller eses alimentos. Segundo, o ano pasado e outros anos anteriores, o antigo goberno que tanto critican, non saíu á luz pública, pero si en colaboración cun centro comercial trouxémoslle a 400 familias de aquí de Barbadás xoguetes e comida en función dos membros de cada familia e entregóuselles nun local privado e sen que ninguén se decatase. Había xente loxicamente en cola e preguntaban que era aquilo, pero loxicamente sempre coa máxima discreción como llo merecen. O que si quero dicirlle á cidadanía é que os gastos que houbo este Nadal, foron por duplicado e o que non queremos é que por iso pedimos, un control dese gasto, dese bipartito, que como noutros moitos, queren quedar ben coa cidadanía cara a un lado, e queren quedar ben coa cidadanía doutra banda politicamente. Iso é o que vimos demostrar hoxe con esta moción e cando nos entreguen as factura pertinentes demostráremolo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos de acordo con Papá Noel, cos Reis Meigos e co Apalpador, cos tres. Os meus fillos quero dicir que non pertencen a ningún partido político, nin agrupación, nin nada de iso, e foron ós tres, e foron encantados da vida. Pois gustáronnos, tanto o do Papá Noel, o dos Reis Meigos e do Apalpador, ou sexa non temos nada que obxectar. O que é o espectáculo ou a posta en escena. Logo, o das facturas, como traen aquí pedindo as facturas, nós queremos dicir que este grupo pide as facturas tódolos meses, ven aquí ó Concello, e pide as facturas



porque é o noso traballo, o traballo da oposición, entón cando estas facturas estean no Concello pois vámolos tamén a revisar e valoraremos si o gasto foi xusto ou foi excesivo no seu momento. Con relación a, si á entrega ás familias máis necesitadas, dixéronnos nas Comisións Informativas que se entregaban tódolos martes en Protección civil, que había entregas segundo o listado das persoas, supoño que iso o levará a responsable de servizos sociais. De todas formas, o goberno explicáranos mellor este punto. No resto nada máis, xa digo, as facturas pedirémolas no seu momento. Parécenos que si realmente houbera algún malgasto grandísimo pois claro que pediremos unha comisión para investigar iso, pero agora mesmo pedir unha comisión non nos parece relevante.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Non sei se empezar a rir antes de falar ou rirme despois, porque sinceramente cando lin o do Apalpador botei as mans á cabeza e dixen, seguro que no Concello equivocáronse escribindo, un burro e un Apalpador. Eu son de pobo, teño 45 anos, vivín no pobo, non son unha rapaza de cidade, e eu nunca oín en Loiro un tal Apalpador, perdóeme, iso debe ser dalgunha zona de moi interior de Galiza de alta montaña, porque sinceramente nunca oín Apalpador. Entón, sinceramente, penso que os nenos do Concello de Barbadás, pódese ir explicando as cousas, pois mira é unha figura e tal, moi ben, todo o que queirades, pero o que non se pode é prescindir do Papá Noel, porque para ós nenos que é unha gran ilusión o Nadal, esperan o Nadal coma auga de maio, non se lle pode dicir que Papa Noel non ven porque ven o Apalpador, e dirán, quen é ese señor? e o burro, Entón a que vou con todo isto, está ben ir ensinando as nosas costumes, está ben aprender, pero tampouco temos que esquecer as que temos instauradas, porque aquí non é, chega un goberno pon unha cousa, chega outro goberno e pon outra. É ben certo que hai dúas liñas neste goberno, é ben certo que sodes dous partidos e un máis, porque aquí neste goberno non sodes dous partidos, sodes dous partidos e un máis, a que me refiro con iso? Hai dúas liñas, o Bloque vai por un lado e o PSOE vai por outro, que vos non o vexades, non quere dicir que o pobo non o vexa, porque, uns fano mellor que outros, e despois está a terceira liña que é o señor. Padrón, que é o que decide todo, porque señor Padrón, vostede equivocouse en xuño, tiña que estar aí, xa llo dixen máis dunha vez, porque mire total é unha bobada o que estamos facendo nos Plenos porque chegaba con falar con vostede e dicirlle, mira Padrón, imos ver, ti que queres votar, porque vamos todos sen liña, total, e que non vamos facer nada. Coma ti ben dixeches a ti gustáronche os tres, pois mira, a min gústame o que lle gusta ós nenos, non o que me gusta a min, ós nenos, ós nenos cativos. A min gústanme o Nadal para os nenos porque a



verdade o Nadal, a ilusión non son da xente adulta, é para os cativos, entón, démoslle o que eles queren, démoslle o Papá Noel, e vaiámoslle pouco a pouco metendo os costumes, pero non hai Apalpador e Papá Noel, que no último, señor Alcalde, vostede sábeo foi cousa súa traer ó Papa Noel. Outro tema, as facturas, supoño que o mellor aínda non as tedes, eu xa preguntei no seu día canto valía o alumeado navideño, vostede informoume ben, vostede e Victoria, son consciente polo menos do alumeado, e despois xa con respecto ás campañas solidarias, eu, creo que algunha persoa de aquí, do goberno, ofrecinme no seu día voluntariamente para axudar a tódalas familias necesitadas, que me chamaran, que contaran comigo, para o que fora, porque ante as necesidades, para min non hai un partido político, ante as necesidades, somos persoas. Ofrecinme, non a unha, a dúas, a dúas persoas que teño de fronte. A min ninguén me dixo Fina, mira, pódenos votar unha man con isto con outro. No, e é unha pena, porque ó final quen o paga son o pobo, o pobo necesitado, entón sexamos prácticos, axudémonos e axudemos a esas familias porque tanto o Apalpador coma o burro sobran, aquí o que fai falla é axudar as familias necesitadas e deixarnos de tanta bobería. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Dado que aquí fálase de diversas áreas, fálase de diversos asuntos, pregaría que tomasen a palabra os organizadores dos eventos pero moi brevemente cada un, moi brevemente. Hai un quenda de palabra dun tempo, pódese repartir, pero vostedes queren clarexar as diversas situacións e, que llo poñan por escrito? Pois vou falar eu, vou falar eu. Primeira cuestión, señora Chelo Vispo, non hai ningún tipo de dúbida sobre que este goberno goberna en común. Áreas de Xuventude e Educación, creo que son de distintos partido, moi ben, Xuventude e Educación. En Deportes, fíxose unha actividade puntual, simplemente porque é un aspecto lúdico. Cultura organizou un aspecto cultural do Nadal ou das Festas de Inverno, porque cada un ten a súa, e cada persoa ten a súa forma de ver estas datas, hai xente que o ve coma festas de inverno e hai xente que o ve coma Nadal, Cultura organizou temas de cultura, Deporte organizáronse determinadas actividades ademais o local, o recinto máis axeitado para organizar a recepción do Papa Noel era ese, e o Apalpador é unha tradición cultural desta terra, desta terra, coma existe en Cataluña unha tradición que non lembro o nome, coma existe no País Vasco a tradición do Lantxero, se non a coñecen, infórmoos, coma existe en Asturias a tradición do Anguilu, e coma hai en diversos territorios deste país, desta nación, pois diversas tradicións, e todas son respectables e non son dadas a mofa, coma vostedes fixeron, algún. E eu rinme de comentarios que fixeron vostedes, pero son tradicións desta terra. Insisto, as tradicións son para recuperar, as tradicións son para recuperar, e o Alcalde, neste caso, e o que pode ser o responsable ou culpable, de coordinar a ilusión, a ilusión que vostedes



tiveron secuestrada durante moitos anos, durante moitos anos tiveron secuestrada a ilusión neste concello. Por favor, a vostede facilitaránselle tódalas facturas que pidan e vostedes estarán informados. Eu o que si vivín, e todos nós vivimos, que vou recordar, é a satisfacción da maior parte da cidadanía coas actuacións que houbo a nivel cultural, a nivel educativo, a nivel ocio, e a nivel deportivo, e ademais a nivel social, porque como se dixo no seu momento, coma se dixo nas Comisións, todo, en todo momento, se avisou ás persoas necesitadas do Concello para facilitarlle alimentos e como ben se dixo no seu momento tamén, todos os martes se facilitan alimentos a persoas necesitadas tamén. A caridade ou a solidariedade como é que debe ser. Non, non, é que algunha persoa lle chama caridade, eu non dende logo, a solidariedade, para algúns de vostedes e solidariedade, para nós é solidariedade, practícase non unha vez o ano, senón cada martes no ano deste Concello. Moitas grazas. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Imos a ver. Primeiro Fina, dous partidos e un máis, non sei a quen te refires, o que están no goberno, no goberno está o PSOE e o Bloque, e quero dicir que en Piñor xa se leva hai uns poucos anos que levamos facendo o Apalpador e non andámolo publicitándoo por alí pero levamos facéndoo xa, ou sexa que non é nada novidoso, e por iniciativa nosa. Nós somos unha iniciativa veciñal, Fina, non viñemos aquí a facer política para nós, para o noso partido, para conseguir estar no goberno dentro de catro anos, viñemos aquí a defender o sentido común porque estes anos os partidos esquecéronse un pouco de defender ós veciños e preocupándose un pouco das súas propias estruturas, entón hoxe estamos aquí para isto. Nós vamos aquí a facer unha exposición construtiva, traendo propostas, valorando as do grupo do goberno, as da oposición e aporbandando sempre o que sexa de sentido común, nada máis. Si o Grupo de Goberno fora outro, foran vostedes, ou fora outro, faríamos exactamente o mesmo, iso téño claro, non estamos ó ditado de ninguén, só nos movemos polo sentido común, e menos, e menos, e menos polo noso propio, nin meu nin de ningún dos que nos presentamos na nosa lista. Vamos ao interese xeral dos veciños, e nada máis. Eu creo que é o que deberíamos facer todos, entón valoramos sempre tódalas propostas, e falamos en consecuencia, traballamos o máximo posible, o máximo posible dentro das nosas posibilidades. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sra. Fina Varelas

A sra. Varelas toma a palabra: Unha aclaración moi pequeniña, señor Padrón, porque o do Nadal xa me quedou claro. Hai un dito portugués cando unha persoa se equivoca dise "vouno apañar na curva", a vostede eu vouno apañar na curva. Mire voulle dicir, aquí hai unha moción que vostede trae que ven un pouco vinculada ó que trae o PP, a ver o que vai votar vostede e o que vai dicir. E agora voulle



dicir si está alí arría ou non. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Vostede xa interveu na súa segunda intervención, non?. Pode intervir agora, pode intervir agora.

A sra. Vispo toma a palabra: Non hai ningún problema, que eu sabes que se escoitar, fóra de aquí non teño ningún problema, incluso as preguntas podédesmas contestar, ou sexa que tampouco, e se queredes no próximo pleno debatémolas. Non hai ningún problema. Esa é a súa verdade, señor Alcalde, porque eu fun máis discreta pero dona Fina Varelas non, e dixo que fora vostede o que dixera, e a min tamén, porque a min doeume o que dixo e con ese señor Concelleiro de deportes estabamos nunha reunión privada, nunha reunión privada e si falamos do tema do Papa Noel, e non mo negue, non mo negue.

O sr. Alcalde toma a palabra: Do Papa Noel podemos falar perfectamente.

A sra. Vispo toma a palabra : Claro que si, e vostede mo recoñeceu que se ía haber Papá Noel porque non ou había doutro lado, entón imos ver, eu era discreta e non ía dicir ou que pasou, pero llo vou a dicir porque sempre é a súa verdade e a verdade aquí tamén a traemos. Señor Padrón voulle contestar, imos ver, vostede di que é consecuente co que vota, eu creo que non, porque a maioría das cousas se vos seus veciños soubesen ou que están a facer, vostede sabe ou que contestaron veciños de Parada, do seu propio pobo, esta semana, que fixeron en Parada de momento, nada, en Piñor, ou mesmo. Entón ou que imos dicirlle que vote en consecuencia, Fina foi moi clara con vostede, é un terceiro partido e non temos nada que facer aquí a oposición, tanto de Democracia Orensana nin do Partido Popular, pero xa ven vos veciños que seguimos traendo todas as mocións e seguimos traballando igual que para iso

O sr. Alcalde toma a palabra: Sra Fina... Sra. Chelo cíñase á moción por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Pero é que quero contestar. Imos ver, a solidariedade, si, a solidariedade claro que a tiñamos, entón vostede non me diga a palabra que dixo que non a vou a nomear outra vez. Si, é solidariedade, o que se esqueceron durante esta campaña de Nadal. Non tiven, nin me rin do burro, fíxome graza, a ver, e sígome rindo, igual que vostede agora, ou sexa, e vostede, estamos a rirnos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estoume rindo do comentario que está facendo vostede.

A sra. Vispo toma a palabra : Claro pero eu non río diso porque creo que é unha tradición, río porque nunca vin un burro aquí, e a parte hai un tema que sabe que é un animal en extinción e que para traer un burro hoxe a Barbadás, hai que cumprir unha serie de requisitos que non sei se os



cumpriron, ollo! vale? e vámoslle a pedir por escrito onde está todo ese papelorio para traer un burro nun transporte adecuado, vale? Por que sabe que están en perigo de extinción, vale?. Non teño nada máis que dicir, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela como vostede tiña especial interese en falar.

A sra. González toma a palabra (BNG): Nunha cousa si que teñen razón, somos dous partidos diferentes, estamos gobernando xuntos polo tanto hai diferencias incluso a nivel ideolóxico, iso é evidente, e iso é así, pero a xente quixo que fora así, que nos puxéramos nesa tesitura. Si é verdade, si e verdade que o Papa Noel tróuxose non sei como porque eu seguramente se enterou vostede antes que min, seguro, porque eu desde Cultura, eu desde Cultura trouxen ó Apalpador e foi unha loita moi forte no goberno porque eu quería traer ó Apalpador. Ben, dito isto, sendo coherentes co que pensa o BNG, sendo coherentes co que represento eu aquí, eu tiña que traer unha figura típica da cultura galega, e tróuxena acompañada dun burro por necesidades do guión, si quere vostede. É máis, o burro sendo un animal en perigo de extinción é moi difícil ver, neste Concello ós nenos foi o que máis lle gustou. Iso por un lado, por outro lado, eu non teño dobre moral, como pode vostede ver, vostede si, porque mire, vostede está cuestionando canto custou o burro e o medio de transporte do Apalpador, cando trouxo carrozas contratadas a empresas para pasear ó Papa Noel, Papa Noel que ven dunha cultura moi lonxe á nosa que vostedes promocionaron ó longo destes anos e que foi impostísima, desde un aplastante mercantilismo norteamericano pola globalización, é necesario e absoluto que en Barbadás por fin empece a recoñecerse e a tratarse con cariño todo o que é noso como galegos e como galegas, e a ver se dentro de moitos anos (e agora xa me vou a tirar da moto), se dentro de moitos anos estamos aquí debatendo si ten que ser alcalde no sé quen no sé cuanto porque apoia ou non o independentismo. Oxalá!.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora. Anxela. Por favor, por favor, non está no uso da palabra. É a última vez que digo isto, a próxima apercibo a quen incumpra. No, no, dixeran a quen incumpra, a quen incumpra.

A sra. Secretaria toma a palabra: Desde Secretaría infórmase de que esta acta vai ser imposible de realizar pola alteración nas ordes de quendas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, orde. Dito isto, Anxela como ben dixeran no seu momento fixo un programa de cultura e desde outras áreas fixéronse programas Pero o Alcalde pode falar en calquera momento, quérolle recordar, si para terminar, quero terminar porque xa houbo as intervencións, son dous quendas de palabra. Volvo dicir desde cultura fíxose un programa



estritamente cultural. Desde educación e xuventude, fíxose outro programas moito máis lúdicos, e desde deporte colaborouse porque había un espazo grande para a recepción do Papa Noel, punto final. Non hai máis, e desde logo que esta Alcaldía e este goberno vai defender sempre a cultura tradicional galega, así de claro, vale, pois reafirmo. E tamén se fixo unha campaña importante de Nadal a nivel comercial que aínda non se puxo en valor e creo que hai que resaltar. Votos a favor desta moción do Partido Popular. Abstencións?. Votos en contra? Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, votos a favor do PP e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre as actividades realizadas polo grupo de goberno durante a época navideña”**

12- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA BAIXAR OS VALORES CATASTRAIS DO CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para baixar os valores catastrais do Concello de Barbadás. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra (PP): Boas tardes señor Alcalde, señores Concelleiros e cidadáns e veciños de Barbadás aquí presentes. A Lei 16/2012 de 27 de decembro pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación de finanzas públicas e en curso da actividade económica, modifica o artigo 32 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por R.D. legislativo 1/2004 de 5 de marzo, establecendo no seu apartado segundo que " as leis de orzamentos xerais poderán actualizar os valores catastrais dos inmobles urbanos dun mesmo municipio por aplicación de coeficientes en función do ano de entrada en vigor do correspondente relatorio en valores do municipio". En cumprimento deste decreto a Dirección Xeral do Catastro realizou estudos sobre a situación dos valores catastrais dos distintos municipios atendendo á data de aprobación das ponencias de valores totais vixentes. O artigo 63 dos presupostos xerais do estado para o ano 2016 establece que "coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei de Catastro inmobiliario, uno os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o apartado 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei de Catastro inmobiliario aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004 do 5 de marzo quedan fixados para 2016 con arranxo ao seguinte cadro: Pido que conste en acta o cadro para non repetilo que é moi aburrido e xa o presentamos na moción. A previsión que facía a señora Interventora municipal da recadación do concello de Barbadás, en



concepto de IBI ascendía a 1.835.000 €, esta previsión suporía unha redución de 532.000 € aproximadamente. Hoxe podemos estudar as cifras máis axeitadas que non dispoñíamos daquela. O ano pasado cando presentamos esta moción o grupo de Democracia Orensana mostrou o seu apoio, hoxe contamos con el do mesmo xeito. En canto ó grupo mixto o señor Padrón, tamén estaba de acordo, pero daquela alegou falta de tempo e descoñecemento da situación real do Concello, daquela falou e leo textualmente a páxina 5 da acta do Pleno extraordinario do 14 de xullo de 2015 para que conste na acta de hoxe, "ó noso parecer" dicía el "pois o tempo de manobra é moi pequeno, é unha medida que supón, ou sexa é moi importante para o presuposto do Concello e cremos que un prazo moi corto de tempo, incluso creo que se debería reunir unha Xunta de portavoces para estudalo" palabras textuais de don Ramón. Polo tanto señor. Padrón hoxe votará que si sen dúbida xa que sinalaba textualmente máis adiante, dígollo textualmente. Xa sabe que vai votar que non? É o da curva que lle dicía a nosa compañeira, como me di que non, pensei eu que non ía votar que non, penso que vai bota que si. Pensamos que deberíanse rebaixar os valores catastrais (dicía o señor Ramón) evidentemente porque si cando o Estado recoñece que están sobreelevados e non cumpren a súa función, e están por encima incluso do valor do mercado está claro que hai unha anomalía, e é unha anomalía que deberemos solucionar. Páxina 5 da acta de xullo do Pleno extraordinario. Daquela queixábase da falta de tempo, hoxe tivémolo xa. Ademais vexo que collía a calculadora e fixo algúns cálculos en canto as dietas, alégrome, case un ano pero alégrome. Tamén alegaba falta de información económica do Concello, hoxe todos sabemos que o bipartito de Barbadás dispón de máis de 700.000 € de incremento presupostario, polo que devolverlle os 532.000 € cobrados de máis ós veciños parece xusto, necesario e ata diría eu que prioritario. As economías dos veciños de Barbadás non andan folgadas. En canto ó BNG, daquela preguntábase que servizos podíamos suprimir, xa daquela a nosa voceira fixolle as contas que amosaban que se podía facer e non vou repetir hoxe para non cansalos, falo da devolución de Viaqua, falo dos repartos provisionais do 2016, 2017, etc, etc, pódese consultar a acta que traio aquí por si fixera falta. Poden repasar a acta pois, extraordinaria, que se fixo no día de xullo do ano pasado, e verán que a nosa voceira tiña toda a razón. Pero aínda pode aforrarse máis, por exemplo, o técnico de normalización lingüística, o técnico de igualdade, o técnico de cultura, ou por exemplo os 6 peóns de obras que teñen pensado intentar contratar ben poden aforrarse. Se non teñen dotación presupuestaria para material, que van a facer os peóns, andar polas rúas cun sachito para limpar cunetas? Vostedes non deixaron dotación presupuestaria nin para material. Falta de xestión coma sempre. En fin, e algunhas cousas máis que con unha boa xestión como faríamos nós si



estivésemos a gobernar aforrariamos sen dúbida. O PSOE tamén estaba de acordo en rebaixalo IBI pero nos anos 13 e 14 estábamos en plena crise e os orzamentos non o permitían. Hoxe o señor Valcárcel ten arría de 700.000 € máis, devólvalle os cartos cobrados de máis ós veciños, señor Alcalde. Polo exposto o grupo municipal do PP de Barbadás propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º- De acordo co disposto do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por RD 1/2004 de 5 de marzo, comunicada á Dirección Xeral do Catastro a solicitude de aprobación dos valores catastrais dos bens inmóbeis urbanos deste termo municipal, dos coeficientes que para seu decremento establece a efecto a Lei de presuposto xeral do estado para o ano 2016, a aplicación do coeficiente actualización tal e como sinala o artigo 63 da referida lei do 0.70 para o Concello de Barbadás, que é un aforro importante para todos os veciños. Son cartos que son dos veciños e están en mans do concello para utilizar xa estamos vendo en que.

2º. Facultar ó sr. Alcalde/Presidente para a realización de todos aqueles actos de trámite e a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo. Moias grazas.

ANO DE ENTRADA EN VIGOR PONENCIA DE VALORES	COEFICIENTE DE ACTUALIZACIÓN
1984,1985,1986 y 1987	1,13
1988	1,12
1989	1,11
1990,1994,1995,1996,1997,1998,1999,2000,2001 y 2002	1,1
2003	1,06
2005	0,92
2006	0,82
2007	0,77
2008	0,7
2009	0,77
2010	0,85

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, sr. Manuel. Ten a palabra o voceiro de Compromiso por Barbadás.

O sr. Padrón toma a palabra: Quero dicir que ten vostede toda a razón en todo o que leo. Estamos



de acordo na baixada dos valores catastrais coma dixemos no seu día. O que pasa é que daquelas si a baixada supuxera un 15% houberámola aprobado xa daquelas, pero a rebaixa era dun 30, e un 30 suporía como vostedes ben xa recoñeceran agora de preto de 600.000 € menos no orzamento, e quero dicirlle se non o sabe que temos ata o mes de outubro deste ano para facer esa rebaixa aínda porque non surtirá efectos ata o recibo do ano que ven, entón temos 10 meses de sobra para estudar como podemos facer. Quero dicir aquí porque como non o tiña para escribir pero escribino, vostedes tiveron 3 anos para facelo e non o fixeron, entón tiveron tempo de facelo antes de chegar un goberno novo, si tiveron tempo de facelo antes de chegar ó goberno que chegou aínda hai 6 ou 7 meses. Quero preguntarme si houberan gañado vostedes as eleccións o houberan feito, quero preguntarme iso, pero bueno iso nunca se saberá porque non están vostedes hoxe no goberno, vale, pero esquecéndonos diso non nos leva a ningún sitio, o que hai é que solucionar isto que é moi importante, baixar un 30 % os valores catastrais é importante. Nós estamos de acordo diso, xa digo si houbera sido nun 15% houberámolo aprobado no seu tempo como dixemos, e creo que está en acta. Sen embargo, hai que pensar que é un 10 % do presuposto, é un 10% do presuposto, aquí tamén quero dicir que agora din que teñen 700.000 € máis o Alcalde, dinlle que ten 700.000 €, se nós non houberamos aprobado o presuposto non habería 700.000 € máis, entón eu non sei, van para adiante, veñen para atrás. Sigamos, o que queremos nós en definitiva que nós aquí vimos a propoñer cousas, non vimos a outra cousa. Neste tempo de aquí ó mes de outubro, o goberno deberá propoñer alternativas para que a recadación aumente de cara ós orzamentos do 2017, entón nós, propostas para recortar custes, ou sexa ou aumentar a recadación ou propostas para recortar custes. Nós imos traballar para darlle saída a iso, por exemplo, baixar a valoración pódese baixar a valoración pero subir o tipo impositivo, habería que estudar e sería unha posibilidade, baixar o tipo impositivo, creo que se baixou ó mínimo ó 0,4, o mellor, poderíamos estudar, subir o tipo impositivo un pouco e entón baixando a valoración é unha cousa que hai que estudar, non se pode dicir si ou non sen facer os números. Logo facendo discriminacións positivas segundo as situacións dos contribuíntes, si están no paro, si son monoparentais, dependentes, familias numerosas, por outra banda non debería pagar o mesmo gravame o que só ten unha vivenda na que reside ou o que ten varias vivendas a modo de inversión, ou as que están en aluguer, así fomentamos o aluguer e tamén fomentamos o padrón municipal, que iso quere dicir máis ingresos e máis cartos, son cousas que hai que estudar, e hai que estudar en serio. O Grupo de Goberno ten que facelo, nós o vamos a facer, xa digo, temos ata o mes de outubro pola información que temos nós da interventora. Outro ingreso podería ser o incremento do censo, baixada



dos impostos municipais no tema dos coches e outros impostos municipais para fomentar que a xente se empadroe aquí co aumento do censo, conseguimos máis diñeiro, entón podemos ir a esa rebaixa dos valores catastrais, ou ben medidas discriminatorias tamén coma o custe do autobús, o polideportivo, aquí pode encaixar un carné cidadán, un carné do que estea empadroadado en Barbadás e do que non estea. Se non acadamos solución por estes, nestas medidas, que podemos ver ou que podemos incrementar os ingresos do ano que ven, pois miren vostedes, podemos facerlle unha consulta ós veciños e nesa consulta dicímoslle que prefiren, si pagar un 30 % menos, ou sexa que estea valorado nun 30 % menos e polo tanto pagar menos contribución da súas vivendas ou pois unha merma dun 10 % do presuposto que significa, que significa, menos servizos e está claro que algo menos claro que é Xa digo. Nós si houbera sido un 15% xa daquelas houberamos actuado coma dixemos alí tamén e non o dixo vostede, e nada máis. Temos xa digo, temos tempo para facer propostas si queremos traballar neste sentido podémolo facer, agora, si tiramos isto ou dedicámonos aquí a reprocharmos uns ós outros, xa digo é un tema moi importante, moi importante para todos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra (D.O.): Señor Ramón, vostede non sei que é o que non entende, vouldo dicir clariño, a baixada da vivenda non foi un 15%, non a marca vostede nin a marco eu, oxalá a vivenda en España estivera alta porque significa que non habería crise, non, vostede está dicindo que aprobaría un 15, se houbera unha rebaixa dun 15, se é un 30 é porque a vivenda baixou iso, entón como vostede pode dicir dun 15 a un 30, a vostede gústalle moito marcar as pautas súas e non estou nada de acordo. Vostede non quere baixar os valores catastrais pero na súa seguinte moción ben que para vostede que baixalo, do 0.50 quere pagar o 0.90. Que pasa? que porque ten 5 fillos, ó mellor hai unha persoa que só ten un e non ten para darlle de comer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Penso eu que non deberíamos entrar en temas persoais.

A sra. Varelas toma a palabra: Non, señor Alcalde non estou entrando en temas persoais, estou dicindo que a unha persoa non se pode mirar por distintos raseros, refírome que el ten palabrería, mire señor Padrón canseime, canseime de vostede, e vouldo dicir por que, eu cría en ti, e crin durante moito tempo en ti, pero canseime pero só dis palabras, palabras, palabras "temos moito tempo", pero non hai moito tempo cando xogas co diñeiro dos demais. Se isto se pode arranxar nun mes para que temos que esperar a outubro ou novembro? A ver, dáme unha explicación, ou é que non o miraches? Claro, o tema é que ti non o miraches. Mira a solución que dis de baixar o 30 e subir o tipo impositivo iso



dixeno eu, señor Padrón a outra vez, e non se me fixo caso porque dá moito traballo, é moi fácil xogar co diñeiro das persoas. Mire, o Concello de Barbadás ten que saberse xestionar e non por non sabelo facer cargarlo nos recibos ós veciños, porque aquí, ala, coma perdemos merma de diñeiro, pois non o baixamos, non, hai que adaptarse, se a vivenda baixou, baixou para todo o mundo, entende? así que non veña con retórica nin palabrería porque vostede si o gravan, e que podo poñer unha cinta gravatoria e volvíamos a agosto ou a setembro. Sabe o que lle faltaba facer hoxe, eu aínda o estou esperando, que volva a investir ó goberno, porque só ten palabra, palabra, palabra. Canseime de vostede señor Padrón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: É alarmante a falta de cultura democrática que teñen algunhas persoas deste Pleno, e que non sexan capaces de comprender que a democracia baséase no consenso e no entendemento. É unha mágoa que non sexan capaces vostedes de comprendelo, que para sacar adiante un concello como calquera outra administración pública hai que asumir a responsabilidades que nos dá a cidadanía, aínda que iso supoña ás veces tragar o que faga falta para poder sacar adiante un concello, e iso é o que lles falta a vostedes porque están acostumados a traballar desde a maioría absoluta, sobre todo o Partido Popular, e non ten a cultura nin de escoitar a opinión da cidadanía nin de buscar consenso da outras forzas políticas, iso é o que lles falta a vostedes e é unha mágoa que vostedes lles apoiem neste caso, señora Fina. Estamos a volver a debater unha moción por segunda vez, porque é exactamente a mesma que debatemos, nada máis que trinta días despois de chegar a o goberno municipal de Barbadás o novo Grupo de Goberno xa se nos presentou esta moción, e naquela altura xa quedou en evidencia que o que facía o Partido Popular era un acto de cinismo político porque o que intentaban era afogar economicamente ó novo goberno para que non puidésemos facer absolutamente ningún traballo político, para estar atados de mans e pernas durante catro anos sen poder traballar polos nosos veciños. As ponencias realizadas no ano 2008 puideron ser motivo de revalorización catastral en base a unhas ponencias que fixo a oficina do Ministerio de Facenda a través da oficina catastral a partir do quinto ano daquela ponencias, é dicir, o Partido Popular puido no ano 2013, e no ano 2014, e no ano 2015 facer aquela revalorización catastral e non o fixeron, non o fixeron, porque sabían que iso supoña o estrangulamento financeiro do Concello de Barbadás e agora nolo veñen a pedir a nós. Iso é cinismo político, non ten outro nome, iso é facer un engano, é unha estafa á cidadanía deste Concello, facerlles ver que eles son os valedores dos seus intereses, valedores



do seu patrimonio, valedores de todos os seus dereitos cando en realidade o que están facendo é traicionando ós seus veciños, porque si afogan a este goberno, afogan a todo o que é gasto social no noso Concello. O que se cobra de IBI en Barbadás é de 2.128.000 €, o que se ten previsto cobrar para este ano, se reducísemos o 30% o valor catastral coma nos está pedindo o Partido Popular deixaríamos de ingresar 638.400 €, en todas as administracións públicas cando se fan enmendas ós orzamentos é obrigatorio pór á par das partidas que se queren recortar cales son os gastos que se van a deixar de executar, por iso lle preguntaba en xullo deste ano e vólvolle preguntar agora ó portavoz do Partido Popular que me diga en que quere que recortemos 638.000 €, se quere que os recortemos no servizo de axuda no fogar, se quere que o recortemos das actividades culturais, se quere que os recortemos dos servizos que se prestan nos colexios públicos do noso Concello, se quere que pechemos o polideportivo, ou se quere que pechemos a Escola de música, que nos diga en que teñen previsto o Partido Popular recortar 638.000 €, pero non é so iso, vou ir ó principio da moción, esta moción é innecesaria por estar repetida, pero ademais é demagóxica por ser unha moción inútil, porque se a aprobamos estaríamos cometendo un fraude á cidadanía, por que esta moción non se pode debater hoxe, porque os señores do Partido Popular non fixeron os seus deberes, porque si tivesen preguntando o que nos traen aquí e o que se publicou nos orzamentos do estado para o 2016 e estes coeficientes redutores señor Manuel, son para aqueles concellos que teñen solicitado o ano 2015 a revalorización catastral, nós non o fixemos polo tanto non podemos aínda que quixéramos aplicar estas revalorizacións catastrais, pregúntelle vostede ó xerente do catastro, da oficina de Ourense, e entón sabería do que está falando, pero está demostrando con esta moción que non teñen nin idea do que esta falando, vostedes non teñen nin idea, o que pasa é que se aproveitan, alguén lles dixo os orzamentos do estado sae cales son as revalorizacións para os concellos que fixeron ponencias no ano 2008, que efectivamente é do 0.70 %, unha redución do 30%, pero é para os concellos que o solicitaron o ano anterior, agora estamos fora de prazo. Pero mire outra cousa, eu preguntei, e preguntei cantos concellos en Galiza fixeron esta revalorización catastral e dixéronme que en Ourense a pediron 38 concellos, 38, pero claro, 37 concellos pedírona porque a revalorización catastral vai polo incremento do valor catastral para que os veciños paguen máis, para que os concellos teñan máis fondos para poder gastar diñeiro nos seus veciños, só houbo un concello dos 38, só un concello, que pediu a revalorización catastral para reducir os valores que foi San Cibrao das Viñas porque teñen unhas características moi especiais porque están moi presionados polo Polígono Industrial e porque lles sobra o diñeiro, é así, lles sobra o diñeiro, porque ten suficiente industria para cubrir todas as



necesidades sociais dunha veciñanza inferior ós 2.500 habitantes, pero que en Barbadás non, perdón, perdón, pero a ver, levo todo o pleno tragando sapos escoitando o que se di neste Pleno, así que por favor, eu vou a dicir agora o que quero dicir, que supón unha revalorización catastral, como nos propón o Partido Popular, é un acto profundamente inxusto socialmente, e tamén financeiramente, porque unha revalorización, un desconto lineal supón ir contra os principios constitucionais na progresividade do sistema fiscal español, que a vostedes tanto lles gusta defender, isto significa que si se reduce linealmente unha vivenda que teña de valor catastral de 30.000 € tería unha redución de 36 €, pero si a vivenda ten un valor catastral de 300.000 € a redución sería de 360 €, o que están defendendo desde o Partido Popular é o apoio á xente máis poderosa deste concello, á xente con máis patrimonio, ós máis ricos, ós que teñen máis peses e ós que teñen casa de maior valor catastral, porque a xente que ten casas con pequeno valor catastral a incidencia ía a ser mínima, e polo tanto vostedes son uns auténticos demagogos. E ademais, no Imposto de Transmisión Intervivos vale, na segunda intervención, supoño que terei segunda intervención.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada só o que dixen xa está dito, non hai máis que dicir. O tipo impositivo en San Cibrao non é do 0.4 coma en Barbadás, é máis alto, o tipo impositivo, aínda que fora como di o señor Tenente Alcalde do único concello que se rebaixou e iso afecta a xente que efectivamente vai a pagar menos, pero o tipo impositivo téñeno no 0.5 ou 0.6, pero no 0.4 non.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu non lle vou a dicir nada, só lle recomendo ó señor Tenente Alcalde, non poña tanto énfase, porque non nos vai convencer por poñerse tan expresivo demais. Grazas.

O sr. González toma a palabra (PP): Dicirille ó señor Tenente Alcalde que por min pode seguir porque as palabras deixan en evidencia a unha persoa. Ademais de proveito por desgracia ó BNG neste ano estanos deixando poucas leccións, poucas leccións de moral, non sei se é que non lle viñeron os Reis Meigos seguramente entón por iso están cabreados os tres, por algún motivo similar, non? E digo iso porque tiven moi pouco que anotar de toda esa intervención. Pero, despois comentareillo. Vamos falar con don Ramón, porque é o responsable de que da outra vez estivera, e coa súa abstención, coa súa abstención don Ramón foi responsable de que se lle roubaran os cartos ós veciños por parte deste Concello, é un insulto político sr. Alcalde, é un insulto político, non é un insulto persoal. Sabe vostede que é un roubo político ós veciños deste Concello. Insulto político. Non, é un insulto político, vostede dixo aquí que os insultos políticos, non persoais, que se poden usar. Utiliza vostede, mire, mire, utiliza vostede distinta vara de medir con este Concello, e non é cuestión



de colgarse a medalla de progresista, é cuestión de ser democrata é sentilo, cada vez que falamos nós se nos corta, eu recordo intervencións aquí neste Concello onde se cortaba sistematicamente e cando fala outra xente parece que ten o don da ética e da moral, pois non, aquí hai outras leccións de ética e de moral, leccións de historia, leccións de historia neste País poucas, aquí a tradición nosa é católica, quen non a queira exercer que non a exerza, hai Reis Meigos, estou de acordo co colonialismo do Papá Noel e do demais. É unha paparrachada porque o grave non é por min que a min me da igual o Apalpador co Lanceiro nin nada

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, cingase á moción.

O sr. González toma a palabra : Estou no uso da miña palabra

O sr. Alcalde toma a palabra: Por iso, pero cingase á moción. Por favor.

O sr. González toma a palabra: Descónteme este tempo polo menos. Decía eu que é unha trapallada o do Apalpador, que o problema é polos nenos pequenos, non por nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel cíñase á moción.

O sr. González toma a palabra: Don Ramón e señor Fírvida, estean atentos á intervención. Xa expliquei que eran anos de crise e por iso o Partido Popular non o puido baixar. Tamén expliquei de onde saían esas partidas, fíxoo a miña compañeira aquí presente e non o imos repetir. Vostedes repetiron a mesma intervención da outra vez, vostedes si que non fixeron os deberes, non estudaron nada, repetiron o mesmo e aínda encima non me atenderon porque me repetiron cousas que xa lles aclarei tanto a vostede coma a vostede. A calculadora xa sei que non é o forte do señor Padrón, pero o tipo impositivo baixouno o PP ó 0.4 %. O IBI xa é proporcional, non fai falta dar aquí leccións de moral, é máis, o que propoñen vostedes non teñen nin idea iso non é legal baixar as taxas, xa ten proporcionalidade, o que ten un chalé paga máis que o que ten unha caseña pobre, iso é evidente, non nos veña aquí a dar leccións de moralidade por Deus, o carné barato é discriminatorio, Don Ramón, e que volvemos outra vez ós mesmos erros, levamos xa un ano, agora xa non pode dicir que é novato, novato tamén son eu, pero estas cousas hai que aprendelas pronto, o carné discriminatorio non é legal, xa o dixo a Interventora e a Secretaria por activa e por pasiva, non nos faga perder o tempo, estou de acordo coa señora Varelas, a veces vai ser mellor que nos diga xa antes o que vai votar, porque da igual o que lle comentemos como que non, non nos atende e non nolo explica, Que hai da Comisión aprobada no pasado? Demagogia, porque quedamos nunha cousa e non se fixo, se efectivamente o señor Tenente Alcalde fixo os deberes houberan aprobado daquelas, se Don Ramón votara a favor o aprobásemos e hoxe e os veciños terían un 0,29 %, 29 € máis de cada cen que dispoñen, iso é o que



teñen que ver os veciños, quen se queda con eses cartos, e despois se empregan, xa lle dixen a vostede onde se empregaban, non lembran, non me atendeu, como moitas veces non prestan atención, xa llo dixen, entre outras o técnico de cultura, o técnico de normalización lingüística, os catro ou seis obreiros, quere que llo repita? está gravado en acta, por favor, entón non vamos a aburrir á xente que son malas horas, está metido na acta, o que pasa é que ó señor Padrón efectivamente aféctalle pouco este tema porque a el particularmente por ter familia numerosa pois acollerase ó 0.90 e xa sabemos como vai. En canto ó BNG pois iso, dicir que darnos leccións de historia e agora de democracia non llo vamos a consentir, a ética e a moral e a verdade existe por encima das persoas, podes ter acepcións as que queiras pero a verdade é a verdade, e os feitos constatados, constatados están. Efectivamente, pois o Apalpador é unha chirigotada copiada do Lanceiro, copiada da outras cousas, pois quitemos ó Papa Noel e poñamos ó Apalpador, e mañá poremos aquí ó lendakari vasco, a verdade, en fin. Con estas trapalladas, o problema non é por nós, os maiores ata nos rimos, ata un burro pois...pero en fin, pero o problema son os veciños que se lles fan pasar malas cousas. Moitas grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Iso marca o seu nivel cultural, o que acaba de dicir nesta intervención define perfectamente cal é o seu nivel cultural, que vostede faga mofa dos valores propios da cultura deste país indica ben ás claras diante de quen estamos. Si si, repito, isto marca claramente o seu nivel cultural, que vostede faga mofa dos valores culturais, históricos, si, deste País, indica ben á claras quen é vostede, e por certo non intente mentir nin enganar á cidadanía, non é o mesmo, non é o mesmo, proporcionalidade que progresividade, o IBI é un imposto proporcional pero non é progresivo, se non o sabe vostede pois estúdeo, pero é así, e o sistema fiscal español está baseado na progresividade fiscal, ese é o motivo polo que nós non vamos a introducir este valor catastral. Dicir tamén que o Concello de Barbadás, reduciu o tipo impositivo do 0.5 ó 0.4% despois de infinitas propostas que facían os grupos da oposición, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, e o fixeron no ano 2015 como unha táboa de salvación para intentar salvar os resultados electorais, porque había ano electoral pero lle saíu mal a xogada. Por certo, iso xa supuxo un 10% de dedución no que pagan os veciños, si encima dese 10 % agora queremos reducirlle o 30 % pero o 30% non sae igual de todas as familias, sae especialmente, se lle reduciría especialmente ás familias que teñen casas de maior valor catastral. Si vostedes están preocupados polo financiamento, porque o Partido Popular nunca, nunca apoiou no Estado Español nin na Xunta de Galiza, todas as propostas que levaba o Bloque Nacionalista Galego xunto con outras forzas políticas de esquerdas para facer valer as especificidades deste país, como é o avellentamento deste país, coma é a dispersión poboacional, para



que os concellos teñamos un acceso xusto ó financiamento local, que non o temos por culpa do Partido Popular, iso vostede non se lle acorda, só se lle acorda agora recortar o IBI, e por certo, o que está dicindo vostede, xustificar que deixemos de ingresar 638.000 € e a solución que aportan vostedes é que prescindamos do técnico de igualdade, aparte dun machismo recalcitrante, aparte dun machismo recalcitrante, si señor Manuel, porque vostede non se enterou aínda que neste país morreron máis de 50 mulleres este ano, vostede non se enterou, vostede non se enterou dos valores sociais que ten no noso País, vostede non se enterou porque é unha proposta do partido Popular, é unha proposta do Partido Popular, porque é unha vergoña que vostede propoña, que vostede propoña coma solución económica deste concello reducir un técnico de normalización lingüística, perdoa

O sr. Alcalde toma a palabra: Sometemos a votación á moción

Sen máis sométese o asunto a votación resultando un empate cos votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, os votos a favor do PP e Democracia Ourensana e as abstencións do Grupo Mixto, polo que se procede a emitir o voto de calidade do Alcalde, resultado rexeitado o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás para rebaixar os valores catastrais do Concello de Barbadás**”

13- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RECLAMAR A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COCIÑA DO CEIP O RUXIDOIRO

O sr. Padrón toma a palabra: Si, nada traemos aquí unha demanda que nos fixeron chegar da ANPA co colexio Ruxidoiro en campaña electoral, dende a iniciativa veciñal que representamos e facéndonos eco das reiteradas demandas que nos fixeron chegar as nais e pais do CEIP Ruxidoiro traemos ó debate do Pleno a súa aprobación si procede esta moción: O CEIP Ruxidoiro dispón de todo o preciso para a posta en marcha deste servizo, existe todo o mobiliario excepto os fogóns que polas nosas informacións a Consellería non coloca, pois senón tería que poñer un cociñeiro e un axudante de cociña. Non é verdade, estivemos alí e aparte dos fogóns faltan algúns dos electrodomésticos máis, o que si é certo é que a cociña ten todas as instalacións precisas para poñerse en funcionamento, o único que falta son algúns electrodomésticos, pero a instalación de auga, almacén, iso todo, está, ou sexa, o colexio foi feito para ter unha cociña e funcionar. Esta medida, cremos que mellorará a calidade da comida tanto na procura de produtos máis cercanos e máis frescos, así como a inxesta de produtos recen cociñados. Polo tanto o goberno municipal debe iniciar urxentemente se non o fixo xa. E díxosenos que dende o 5 de agosto que houbo unha petición neste sentido pero que se recibiu negativa e non se volveu a retomar o asunto. Entón iniciar urxentemente a solicitude a Xunta deste servizo.



Desde Compromiso queremos que o Pleno aprobe por unanimidade dita moción para que a Xunta sexa consciente da súa necesidade, e que dende o goberno se poñan todos os medios e se aburra alí a Xunta ata que isto sexa unha realidade, pois no outro colexio municipal esa cociña funciona. Entón o acordo é esixir á Xunta de Galicia a posta en funcionamento inmediato a cociña do CEIP Ruxidoiro.

A sra. Varelas toma a palabra: Paréceme unha boa medida, sempre e cando que os pais dos nenos o consideren oportuno e eu falei con varias persoas e segundo teño entendido están bastante contentos co servizo que teñen de catering, por tanto non me parece algo tan importante cando os pais que son os principais que queren ter as cousas ben, como dixo, a señora Marga o outro día, están contentos co que teñen, entón para que imos a cambiar. Grazas.

A sra. Carril toma a palabra: O Partido Popular de Barbadás, está de acordo en que se poña en funcionamento a cociña do CEIP O Ruxidoiro. Sempre queremos a mellora dos nosos cativos, e sempre loitaremos por esa mellora, pero como moi ben dixo a Concelleira de Educación Marga nas Comisións informativas do pasado xoves, ela nunca escoitou esta demanda por parte dos pais. E nós cando gobernábamos na pasada lexislatura e eu mesma era a Concelleira de Educación tampouco escoitei de ninguén esta demanda. É máis, os pais sempre se amosaron contentos co servizo de catering, ó menos con este último que o leva a empresa Serunión, que xa o levou hai anos, despois colleuno Aixiña, e agora vólveo a levar Serunión, con un menú moi axeitado e rico en verduras e peixe. Os nenos e nenas desde logo gustáballe máis o de Aixiña, porque facía máis fritos, botáballe ketchup ás comidas, e todas esas cousas que lle gusta ós cativos. Pero é máis san o de Serunión que soamente chega con preguntarlle ós pais que están encantados. A reforma da cociña do CEIP O Ruxidoiro, non soamente sería instalar uns fogóns, como así di o compañeiro Padrón. Non é tan sinxelo compañeiro, habería que poñer moitas máis cousas, fritidora, marmita, forno, extractor, cámara frigorífica máis grande, gas, e un largo etcétera. Todo en aceiro, como todos sabemos é moito máis caro. Non se trata soamente de poñer uns fogóns. Pero o Partido Popular de Barbadás, está de acordo en instar á Xunta de Galiza en que poña en funcionamento a cociña do CEIP O Ruxidoiro. E o Partido Popular de Barbadás votará a favor desta moción coma ten votado a favor a máis mocións do Grupo Mixto, pese a que o compañeiro Padrón nunca o faga con nós. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a Concelleira de Educación.

A Sra. Pérez toma a palabra: Quero empezar facendo unha aclaración, con respecto á exposición, que tamén xa aclarou Nieves, na moción do señor Padrón indica que na cociña do CEIP O Ruxidoiro existe todo o mobiliario excepto os fogóns, e desgraciadamente pois isto non é certo, xa que na



actualidade só se dispón dun pequeno lavalouzas, dun fregadeiro e dunha cámara frigorífica, polo que faltarían moitísimos máis elementos indispensables para ser autorizado o uso da cociña escolar, e como ben dixo Nieves, pois forno, marmita, fritidora, poderíamos facer unha gran listaxe. Tamén queremos indicar que o pasado 5 de agosto como xa lle comentei nas Comisións informativas ó señor Padrón, tivemos unha reunión coa Xefa Territorial de Educación, na que se dixo, entre outras peticións, esta mesma petición, tamén porque no la comentou a ANPA, e a resposta que obtivemos foi unha negativa á posta en marcha do funcionamento da cociña alegando que a xestión que leva agora a Xunta é sempre unha xestión indirecta, tipo catering coma ven sucedendo ata de agora. Se ben tamén nos propuxo unha posible opción, que sería a que está posta en marcha en outros colexios públicas, que sería facer unha xestión a través da ANPA de O Ruxidoiro. Aclarados todos estes puntos, dicir que o Grupo de Goberno apoia a súa petición e faremos unha solicitude formal á Xunta de Galicia para que se complete a instalación da cociña e se poña en funcionamento, pero tamén consideramos que sería moi importante, indispensable contar formalmente co apoio dos pais e nais que utilizan este servizo xa que si eles mesmos non mostran preocupación é que non están tan descontentos co servizo actual, e isto o digo baseándome nas materias recollidas por iniciativa da ANPA no curso 2014/2015, foron un total de 147 materias, nun colexio que ten 372 nenos e nenas, unha porcentaxe que non representa nin o 50% e onde moitas destas son materias de xente exterior ó colexio. Grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, eu non sei se cando un fala escoitan. Eu dixen aquí, evidentemente, na moción viña que faltaban os fogóns porque foi a información que nos deron e nós fiámonos dela. De todas formas xa dixen que ó ler a exposición que faltaban máis cousas porque fomos alí a mirar e faltan máis cousas, o que dixo vostede, e o que dixo tamén vostede, faltan máis cousas, faltan máis electrodomésticos. O que si está é a cociña, asexo o colexio fíxose, e fíxose unha cociña, hai almacén, e hai as instalacións todas, simplemente faltan os elementos de electrodomésticos que dixeron vostedes, a cousa é da Xunta se a quere poñer en marcha. Non dicimos nada do catering, o catering funciona ben, os pais están contentos, nós non dicimos nada de iso. Aínda que todo é así, todos estamos de acordo que é así, nós non imos deixar de solicitala porque cremos que para nós é máis importante que se faga alí a comida que traer un catering aínda que as cousas funcionen ben e os pais estean contentos. E sinaturas? sinaturas hai aquí, nós temos aquí sinaturas polo menos unhas 300, si que se recolleron sinaturas están aquí os orixinais. Si alguén os quere ver. E nada, que a través do Concello que se incida nisto, e que se aburra alí, que cada mes hai que chamar, hai que chamar cada mes, e logo tamén, unha vez que se fai esta resolución, pois poñerse en contacto coa ANPA tamén



para que a ANPA espabile e se mobilice si é que quere. Nós porque a xente estea contenta ou iso, nós non imos a renunciar a que iso poda ser algún día viable.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu hai algo que non entendo e é o seguinte, se os pais dos nenos están contentos como están agora, apenas hai firmas, segundo dixo Marga, cambiar o que? Teremos que axudar a cambiar as cousas que a xente estea desconta, agora se están contentos, o servizo gústalles, os nenos comen ben, e que eu non entendo a finalidade entón que vostede persegue. Sacar unha moción adiante por dicir propúxena eu, porque eu as mocións que eu propoño, normalmente é por queixas veciñais ou porque eu as vexo, pero vai vostede alí ó colexio, fala cun pai ou con outro pai, "no, cómese ben, os nenos están contentos", entón que vamos a cambiar cousas que funciona, cando aquí neste Concello hai miles de cousas que non funcionan. Vaíamos ás cousas importantes e o que funciona, deixémolo estar e o que non, pois haberá que cambialo, empecemos por unha lóxica non por cambiar algo que está funcionando, e que eu non o entendo, vamos. Grazas.

A sra. Carril toma a palabra: Eu remítome ó que dixer. Tamén confirmo o que di a Concelleira Marga de Educación. Eu fun catro anos Concelleira de Educación, xamais recibín ningunha queixa referente ó servizo de catering do colexio. Preguntei estes días, os pais cos que falei están todos encantados, hai que pensar que iso suporía tamén un gasto para a Xunta, pero, nós estamos e vamos a votar a favor como xunta de goberno en que se inste a Xunta en poñer unha cociña. Hai que pensar iso, que que a Xunta pode contestar por alí, é un gasto de máis de 12.000 € equipar esa cociña, máis de 12.000 €, xa falando polo baixo, despois poñer un cociñeiro e un pinche de cociña, pero tamén asumo o que di a compañeira Fina, se algo funciona para que o vamos a cambiar, pero nós imos a apoiar a moción de Compromiso.

A sra. Pérez toma a palabra: Só facer dúas aclaracións. Volvemos outra vez ás instalacións. As instalacións actuais representarían como moito un 10%, actualmente. Despois, con respecto a sinaturas, o dato non o invento eu, téño por escrito enviado por Susana a presidenta da ANPA, de 147, e firmada por Eli e por Raúl, da xunta directiva, dicíndome que moitas desas sinaturas non son de xente que utiliza o comedor. Nada máis.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para reclamar a posta en funcionamento da cociña do CEIP O Ruxidoiro”**



14- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO DE APOIO E AXUDAS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS

O sr. Padrón toma a palabra: Unha enmenda in voce, xa vos entreguei a todos un ..., ía o punto 4, e agora vai outro punto 4 e outro punto 5, entón non sei si a secretaria acepta a enmenda. Digo si se vota iso.

A sra. Secretaria toma a palabra: A moción que presenta é como quere que quede.

O sr. Padrón toma a palabra : Si, é coma quero dicir, imos ver, non me gustaría ter presentado esta moción porque non, porque xa sei que se vai a dicir, que a miña situación é esa, que me quero beneficiar. Eu benefíciome igual porque xa do Estado está permitido, ou sexa está permitido, está lexislado que os concellos dean un 50 incluso un 90% ás familias numerosas e creo que está xustificado, pero non vou entrar niso agora, eu penso máis nas outras familias que non na miña. A xente que ten familias numerosas penso que o comprende. A exposición que quero dicir é a familia é un ben privado de interese público, é a única entidade capaz de facer fronte a verdadeira, en verdade a crise demográfica que ameaza seriamente ó sistema de benestar no que tan comodamente nos temos instalado. Neste punto as familias numerosas xogan un papel importantísimo porque dotan de activos á sociedade recibindo moi pouco a cambio por parte desta, axudas as familias debe ser visto máis coma unha inversión, que coma un gasto. Sendo Galicia un País cunha taxa de natalidade das máis baixas do mundo, non é o caso de Barbadás pola súa especial idiosincrasia, un Concello limítrofe da capital que nos últimos anos experimentou un crecemento de poboación maiormente de parellas novas, é necesario incentivar a natalidade e no noso caso apoiar decididamente ás nosas familias. E voulle a ler aquí rapidamente a exposición de motivos que fai a Lei das Familias Numerosas, a última modificación do 29 de xullo de 2015. A familia coma núcleo fundamental da sociedade, esta é a Lei do Estado, desempeña múltiples funcións sociais, que a fan merecedora dunha protección específica tal coma sinalan numerosos instrumentos internacionais entre os que destacan a Declaración Universal de Dereitos Humanos, e a Carta Social Europea. Pola súa parte a Constitución Española de 1978, establece no seu artigo 39 que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia. Dentro das diversas realidades familiares, as chamadas familias numerosas presentan unha problemática particular polo custe que representa para elas o coidado e a educación dos fillos e o acceso a unha vivenda adecuada ás súas necesidades. Estas circunstancias poden implicar unha diferenza substancial co nivel de vida de outras familias con menos fillos ou sen eles. Neste senso non debe esquecerse que o artigo 9.2 da nosa Constitución, establece o principio de igualdade



material, que debe levar ó lexislador a introducir as medidas correctoras necesarias para que os membros das familias numerosas non queden en situación de desvantaxe no que se refire ó acceso ós ben económicos, culturais e sociais. A regulación ata o de agora vixente no da protección ás familias numerosas encóntrase na Lei de 1971. Actualmente e rematando, as Comunidades Autónomas son competentes para o recoñecemento da condición de familia numerosa e expedición e renovación do titulo correspondente. Así coma para exercer a potestade sancionadora na parte e contías establecidas na lexislación vixente. Por outra parte, a maioría das materias nas que cabe recoñecer beneficios para as familias numerosas, están dentro do ámbito de competencias das comunidades autónomas e incluso das Corporacións locais. Polo tanto, dito isto, os acordos que traemos aquí a consideración do Pleno e si procede a súa aprobación, é facer unha estatística do número de familias numerosas e familias numerosas de categoría especial que estean empadroadas neste Concello para valorar o custe destas medidas. Rebaixar con carácter xeral, xa existe hoxe, con carácter xeral as taxas pola utilización dos servizos e instalacións municipais, isto non, nun 50 % ás familias numerosas, e nun 90 % ás categorías numerosas de categoría especial. Rebaixar no imposto de bens inmobles, no caso da vivenda familiar, un 50 % para as familias numerosas, isto é o que xa existe na actualidade, e nun 90 % para as familias numerosas de categoría especial, que levan alí, aí vai explicado o que son familias numerosas de categoría especial. Que o Concello elabore unha tarxeta de Comercio Local que inclúa beneficios para as familias numerosas, e que o Concello estableza un convenio de colaboración coas asociacións galegas e estatais de familias numerosas. Xa digo, traemos isto aquí porque o Concello, comprobamos que o Concello de Barbadás carece de ningún tipo de lexislación ó respecto das familias numerosas cando é competente co que lle di o Estado.

A sra. Varelas toma a palabra: Agora si, antes non. Agora quere a baixada, antes non lle interesaba. Imos a ver. Estou súper de acordo ou como vostede lle queira chamar, ás familias numerosas, pero hai que especificar unha cousa, dependendo dos ingresos, porque eu coñezo a algunha familia numerosa, non lle vou poñer nome, e aquí hainas, polo menos dúas, cuns ingresos de 70.000 € anuais. Esa señora pode manter 3 e 6 fillos, entón polo tanto é un exemplo. Había que axudar ás familias numerosas pero sempre mirando á renda das familias, non é xenérico, porque entón señor Padrón, apaga e vámonos. Porque vostede pide, pide, un 90. Eu sei o que son as familias numerosas de categoría especial, por exemplo a súa 5 fillos, paréceme ben que o axuden, vostede pida para vostede, pida para Piñor, Si podemos vámoslle dar, vostede estea tranquilo, que eu a xente vouna a axudar. Mire, as tarxetas estas, as tarxetas de comercio temos que facelas para as familias numerosas, os parados, para as persoas



diminuídas, que temos que facer, unha tarxeta para cada veciño? Ou que pasa, vostede como é familia numerosa especial, tarxeta para vostede, e que lle dicimos ós parados, tarxeta, iso ó final o Concello vai pagar o de todos, ou sexa, vostede antes, non quere unha rebaixada e agora pide tarxetas, tarxetas para que lle cobren menos, para que tal. Por favor, sexa vostede coherente, teña un pouquiño de sentido, porque eu, eu non sei, é que. Eu, mire, e que case me quedo sen palabras polas cousas que estou vendo, tarxetas, baixada dun 90, e se no Concello, vostede sabe cantas familias son numerosas no Concello de Barbadás, vostede mirou canto nos supón, porque ó mellor tamén nos supón unha redución moi moi importante. Señor. Padrón, vostede está de acordo entón con que unha familia numerosa que ten 3 fillos e que gane 70.000 € anuais teña unha redución dun 50%, está de acordo con iso. Dígame, contésteme, está de acordo, porque o está poñendo xenérico, a mín, se vostede me pon, axuda a familias numerosas, sempre cuns ingresos pequenos, eu voulle a apoiar iso unha é mil veces, pero así non, señor Padrón, porque mire, vostede ten 5 fillos, e non sei o seu capital, ó mellor ten moito diñeiro, eu que sei se o ten. Fáleme de ingresos e despois xa, Democracia Orensana, pensa apoiar a todo, pero faga as cousas como ten que facer pero non xenéricas, así ó chou, 90, 50, tarxetas, e así as demais cousas. Grazas.

O sr. González toma a palabra: Boa tarde outra vez. Desde logo don Ramón Padrón cada día se parece máis ó grupo, eu creo que tiña que integrarse xa directamente no Grupo de Goberno e facíamos perder algo menos de tempo con estas cuestións. Dígoo porque a exposición que fixo da Lei tal tal, pois é farragosa coma nos ten acostumados o BNG que moita palabrería, moito ocupar tempo e o final pois o que di é tres ou catro cousas. Dito isto non podíamos por menos que estar de acordo, loxicamente nós non somos rencorosos, facer unha estatística pois por suposto que si, baixar con carácter xeral as taxas por utilización, pensamos que si, estamos de acordo. A rebaixa dos impostos de bens inmobles, xa está acordada e ademais neste caso lle favorece, por iso non votou a favor da outra. E por último, a cuarta que nos trae aquí era a única que nos faría votar en contra porque era unha medida ilegal, loxicamente corrixiuna e non podemos por menos que estar de acordo. Catro, que o Concello da tarxeta si, e que o concello estableza un convenio de colaboración tamén. Apoiar ás familias numerosas está na alma do Partido Popular. Moitas grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós consideramos que para establecer rebaixas nos tipos impositivos tanto do IBI coma do resto dos impostos onde teñamos capacidade de intervención porque hai que lembrar que non poderíamos afectar a impostos de carácter estatal con normas locais. Pero si nas taxas municipais, que teríamos que ter en conta e coma principal variable, a renda per cápita dos membros



da unidade familias, porque nós entendemos que non é único e exclusivamente unha bonificación xusta para aplicarlle a unha familia polo feito de que teña 5, 6 ou 7 membros. Nós queríamos levar estas reducións proporcionalmente á renda per cápita que houbera nesa familia. O que se faría é computar todos os ingresos familiares, dividir entre os membros desa familia e polo tanto si que teríamos unha distribución máis xusta do que serían as rebaixas fiscais e en todas as taxas que ten este concello. En todo caso, no Concello de Barbadás é certo que están recollido en case todas as taxas municipais en todos os prezos públicos e en todos os servizos que se prestan a condición de familia numerosa e a de familia numerosa de carácter especial. Así se fai tanto no polideportivo coas actividades deportivas, onde hai rebaixas para segundos e seguintes irmáns. Tamén se fai nos servizos sociais, onde na gardería vai habendo descontos a partir do segundo irmán en proporción da renda familiar. Tamén hai descontos na escola de música e polo tanto en todas aquelas taxas nas que se pode incidir directamente xa hai un desconto polo feito de pertencer a unha familia numerosa. Pero sempre relacionado, sempre relativizado coa renda familiar. Vostede fixo mención dunha lei estatal, pero hai que lembrar tamén que esa lei estatal ten un regulamento que a desenvolve e que é pola que se aplica na realidade, é dicir, unha Lei non é de obrigado cumprimento ata que non ten un regulamento que a desenvolve, e ese regulamento precisamente recolle nun dos seus apartados que se debe ter ou que se pode ter en conta á hora de aplicar as bonificacións por exemplo no IBI do desconto por ser familias numerosas, débese ter en conta a capacidade económica das familias, e así está recollido en moitos dos Concellos onde lles foi permitido aplicar estas rebaixas, onde se fai gradualmente en proporción á renda per cápita. Por por un exemplo, a ordenanza aprobada anteriormente neste Pleno que trouxo Sarín desde a Concellería de Servizos Sociais, contemplaba unha escala en función da renda per cápita para subvencionar, para pagar a axuda das familias que necesitan unha gardería. Eu creo que ese é o camiño que temos que seguir.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, está claro que hai que ter en conta os ingresos, iso xa en calquera axuda que se pide ó Estado ou calquera cousa. En moitos concellos aplican este desconto as familias numerosas, non é verdade que aquí estean na escola de música, non hai ningún tipo de desconto para as familias numerosas, nas matrículas non, as matrículas páganse igual porque, eu paguei igual, agora, non sei. Si din que agora non hai, pero nas matrículas ten que haber descontos. Ten que haber descontos, é o que cremos nós, cada un opina o que quere. E nada máis, que isto, o do IBI é estatal, xa se aplica no Concello, só se aplica o 50 %, non se chega ó 90, e relacionado con unha vivenda solo, o que ten solo unha vivenda coa capacidade económica, está claro, coma o resto das



axudas. E non aquí non é o chou, isto é segundo as leis, o Concello pode facer rebaixas coma as fan noutros sitios, non é o chou como di a señora Fina.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois entón a ver para que me quede a min claro, para saber o que teño que votar, porque tal coma vostede o explica, é un non coma unha catedral. Agora se aquí si me inclúe o que di o Tenente alcalde, que falou moi ben, que estou de acordo con el, se se me fala das rendas, dos ingresos das familias eu aprobo isto, pero quero saber se se vai a incluír iso, ou se vai a ser algo xenérico, porque se é algo xenérico, eu voto, ou abstéñome ou voto en contra. Agora, déixeme falar que estou na quenda, entón quero que se me aclare, ou me aclaras ti, ou me aclara o Tenente alcalde, a min dáme igual, quero que se me aclare como vai quedar isto, porque tal e como está non estou de acordo. Se agora me dixer axudar a familias numerosas con rendas baixas, mil veces de acordo. Así que por favor explíquenmo para saber que teño que votar.

O sr. González toma a palabra: Non hai nada máis que dicir.

O sr. Fírvida toma a palabra: Hai que votar á moción que presenta o grupo poñente da moción, nós facemos unha proposta desde o Grupo de Goberno. Por certo, algo que non puideron dicir antes aproveito agora, tivemos unha xunta de portavoces para falar das rebaixas do IBI ou da capacidade de actuación desde o Concello no ámbito das taxas municipais. Repetiremos esa Xunta de portavoces tantas veces sexa necesario e temos todo este ano ata o mes de novembro para modificar o sistema tributario. Comprométome a convocar esa Xunta de portavoces, a estudalo polo miúdo e facer unha proposta para intentar rebaixar aquelas taxas nas que sexa posible incidir, ou en Xunta de portavoces consensuadamente sen presa atendendo non só a criterios de familia numerosa senón tamén atendendo a outros criterios sociais como pode ser con todos os membros no paro ou con rendas baixas.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu estou totalmente de acordo co que acaba. Nada, o que si quería dicirlle unha cousa a Fina, que, pero mire, mire unha cousa, eu quería dicir unha cousa, as rendas baixas pero eu quero que me conteste unha cousa. A vostede parécelle que, asexo se unha familia con 5 fillos ten unha renda de 30.000 € ó ano, a vostede parécelle que ten mais renda que unha familia con un un fillo que ten 5.000 € . Ou sexa o IPREM das familias numerosas? De acordo

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu si me permitides, isto deixaríao para unha xunta de portavoces. Estudámolo, non imos a facer nada ilegal. Calquera acordo que tomemos en xunta de portavoces vai ter que pasar polo informe xurídico pertinente..

O sr. Alcalde toma a palabra: Pola man da interventora

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Nós non o vamos, alí estamos solventados. Entón, a cuestión é



a seguinte, eu creo que se debe tratar en xunta de portavoces, porque tamén creo que hai familias monoparentais que ao mellor unha renda de 20.000 € non é o mesmo porque tés que soste unha vivenda aberta, co cal un matrimonio ten alí certas vantaxes, é dicir, hai moitos modelos de familia na nosa sociedade. Eu creo que isto é motivo de un debate para estudar, esa é a proposta que facemos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Deixámolo mellor enriba da mesa sen votación?

O sr. Padrón toma a palabra: Non, Non, eu quero votar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede quere votar así tal e como está agora mesmo.

O sr. Padrón toma a palabra: Si, eu quero votar.

A sra. Secretaria toma a palabra: Ou o retira ou o se vota.

O sr. Padrón toma a palabra: O que fagamos a xunta de portavoces non quita o que votemos aquí hoxe.

A sra. Varelas toma a palabra (D.O.): Isto está incompleto

O sr. Padrón toma a palabra: Pois vota en contra, eu que queres que che diga Fina. Eu traio a miña proposta. Para iso estamos aquí, eu non sei. Si ti non estás de acordo vota en contra, eu que queres que che diga. É igual aínda que vos abst

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana o seguinte acordo: “**Moción do Grupo Mixto de apoio e axuda ás familias numerosas**”

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha moción do Bloque Nacionalista Galego por trámite de urxencia para a promoción do ano 2016 como ano da Irmandade da Fala. Hai que votar, a toma en consideración da urxencia, para a promoción das Irmandades da Fala, promoción do ano 2016 das Irmandades da Fala. Votos a favor da toma de consideración da urxencia. Votos en contra?

Sen máis sométese a votación a inclusión por trámite urxencia da Moción do Bloque Nacionalista Galego resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e os votos en contra do PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Inclusión da Moción do Bloque Nacionalista Galego por trámite de urxencia para a promoción do ano 2016 como ano da Irmandade da fala.**”



15- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO POR TRÁMITE DE URXENCIA PARA A PROMOCIÓN DO ANO 2016 COMO ANO DA IRMANDADE DA FALA

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale. Ten a palabra o señor Tenente alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Grazas por aporbar esta moción con carácter de urxencia, terase en conta de cara ó futuro. Hai case cen anos figuras históricas como a de entón Vilar Ponte traballaban a prol da creación dunha organización que situase no primeiro termo a importancia do idioma galego, algo tan necesario aínda a día de hoxe no ano 2015, no ano 2016, como estamos contemplando todos os días mesmo neste propio Pleno. Así o 18 de maio de 1916, nacía na Coruña a Irmandade das Falas, posteriormente coñecida na historia coma Irmandades da Fala, co obxectivo da defensa, o cultivo e a promoción da lingua do noso país. Ó nacemento da irmandade da Coruña seguiron o doutras localidades onde homes e mulleres comprometidos traballaron pola dignificación da nosa identidade. A aparición e difusión das Irmandades supuxo un avance para a cultura do noso, situando a nación galega coma suxeito fundamental da produción cultural da época. Promoveron, elaboraron gramáticas, dicionarios estudos lingüísticos sobre a nosa fala reivindicando tamén para aqueles espazos onde tiña sido desterrada desde a administración ó ensino. Neste ano 2016 cúmprese 100 anos dunha peza fundamental na configuración que hoxe somos como pobo e como cultura, e por iso é fundamental garantir o compromiso das institucións públicas coa súa celebración difundindo o coñecemento do seu legado histórico e apoiando a declaración oficial de 2016 como ano das Irmandades da Fala. Só foron moitas as persoas durante moitos moitos anos para por no lugar histórico que lle corresponde á fala, á lingua, á cultura e ó patrimonio do noso país. Moitas destas persoas deron posteriormente a súa vida en defensa destes valores, é absolutamente, non sei como cualificalo, que no ano 2016 en Barbadás nos esteamos a burlar da cultura do pobo galego. Polo tanto sometemos ó acordo deste Pleno, consonte ó acordo unánime de Galiza de 29 de abril do ano pasado, acórdase instar ó Goberno galego a declarar o ano 2016, o ano das Irmandades da Fala, establecendo para isto un programa de actividades conducentes a divulgar a toda a sociedade galega o coñecemento da encomiable labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galiza máis culta, máis libre, xusta e comprometida consigo mesma. E comprometémonos no noso Concello en Barbadás, a colaborar coa administración pública coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades da contorna para difundir a historia das Irmandades da Fala, e o seu contributo ó traballo pola lingua e culturas galegas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.



O sr. Padrón toma a palabra: Estamos totalmente de acordo coa declaración. Esperamos que en vindeiras, isto sexa unha declaración institucional, non veña vía moción porque creo que todos estamos de acordo coa defensa da nosa terra, da nosa cultura. Nós polo menos así estamos ó cen por cen, entón gustaríanos que fora unha declaración institucional, que non vira como moción, pero , estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu, señor Tenente alcalde, non sei porque sempre pensa que atacamos a lingua galega, a cultura galega. Eu vou falar por min, e pola miña compañeira. En ningún momento, síntome galega ante todo, galega española, e non está atacando a ninguén, pois a veces hai cousas que fan rir, pero en ningún momento é burla. De verdade, non se senta tan atacado porque iso da a sensación, eu entendo que no voso partido sodes súper galeguistas, defendedes todo iso moi ben, pero cada un temos que respectar a todos, que a ó mellor son galega pero non sento esa ansia que vós sentides, non por iso me río de vos, tódolos meu respectos, cada un cre no que quere crer, pero non fai falta ir demostrando tanto. Simplemente as persoas vano vendo, a min non me fai falta que estean ", non, eu véxoo. Pois si, son galega, síntome galega, encántame o galego e Galicia para diante, e non fai falta ese énfases, que rimos. Eu vólvolle dicir, falo por min e pola miña compañeira, en ningún momento nos rimos porque si nos ríramos da nosa terra, da nosa lingua, estaríamos tolos. Temos que amala e respectala, pero deixar un pouco libre que un poda crer un pouco máis e un pouco menos. Grazas.

O sr. Fernández toma a palabra: Imos a ver. Nós en principio non votáramos, non entendemos que isto fora de urxencia. Isto probablemente dentro dun mes se houbera presentado por unha vía normal, probablemente o fóramos a votar a favor. Nós xa o digo agora, vámonos abster. E voules a dicir unha cousa ós señores do BNG para o futuro. Aquí ninguén é máis galego ca ninguén, a moitos non nos compre vir aquí a tomar posesión cunha edición de Sempre en Galiza, de Edicións Xerais de Castela porque moi probablemente sexa un dos libros que encabece as estanterías da biblioteca do noso domicilio, iso quérollo recordar para un futuro. Ademais quen sentimos a terra, quen botamos moitos anos fora dela sentímola coma propia, e a nosa cultura igual. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, esta é unha proposta nomear o ano 2016, o ano das Irmandades da Fala, aprobase no Parlamento Galego o ano pasado, polo tanto é unha proposta que redunda no acordo plenario do Parlamento de Galiza e que Barbadás tamén se comprometa a realizar actividades



culturais e de conmemoración daquel feito, da convocatoria por primeira vez das Irmandades da Fala na Real Academia Galega na Coruña no ano 2016. Cada un entende o seu País dunha forma individual, persoal, cada un o defende en base a uns principios, temos os nosos propios principios e ademais concretamente para nós é unha das bases da nosa loita política, tamén a defensa da cultura e da lingua galega, iso é así e quen non o entenda pois, desde o BNG é un dos nosos principios fundacionais, a defensa da lingua, da cultura, do patrimonio e da historia deste país, que si por algo existe é por graza da lingua galega coma dicía Castelao.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e as abstencións do PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Bloque Nacionalista Galego para a promoción do ano 2016 como ano da Irmandade da Fala.”**

PARTE DE CONTROL

16- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

17- ROGOS E PREGUNTAS

A sra. Vispo toma a palabra : Nós soamente imos ler para que a cidadanía que está aquí e os outros grupos saiban efectivamente, pero nós pedímolos por escrito, ou sexa que imos ser moi breves, pero si queremos lelas.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu estou de acordo, tamén pero quero lelas para, estou de acordo, con... eu rexistreas o venres, pensei que as tiñan que responder hoxe pero se me di que as poderá responder outro día que máis responda. Tras varias queixas recibidas nas últimas datas de veciños e veciñas usuarias do servizo de atención as persoas dependentes deste Concello no que se nos fai constar. Estes traballadores deixan de prestar o servizo sen que ninguén os substitúa cando causan baixa laboral, nas datas coma o 24 ou 31 de decembro, nas vacacións, días de asuntos propios, etcétera. As preguntas son, Vai o goberno deste concello solucionar este problema que causa numerosos inconvintes para todas estas persoas beneficiarias deste servizo? E si así é, que prazo se



marca para cumprilo? Esta é unha das preguntas, falta outra.

O sr. Núñez toma a palabra : No servizo de axuda no fogar, efectivamente o 24 e o 31 foron días non hábiles tanto no servizo de axuda no fogar coma no resto dos servizos, foron días que non se traballou, entón evidentemente non se cubriron os domicilios, tampouco se fixo ningún tipo de xestión administrativa, tampouco se traballou no Concello. Pero no resto das, cando hai algunha baixa, cando hai algún día de asunto propio, cando hai algún día que solicitan as traballadoras, normalmente se están cubrindo estes domicilios, se está falando cos usuarios e se están cubrindo de maneira de intentar e de chegar na maioría dos casos a tódolos usuarios e aínda en baixas ou vacacións.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, logo das últimas informacións aparecidas nos xornais, dicirille ó concelleiro Sarín, que nada, que mire ben iso porque a xente queixase, a xente que utiliza ese servizo e nolo fixo chegar, que vacacións, asuntos propios, e hai bastante fallo niso. Logo das últimas informacións aparecidas nos xornais sobre o Plan Conecta Ourense entre o Concello de Ourense e a Deputación, segundo as cales polo visto o Concello de Barbadás, vai a participar en dito programa e tendo en conta que nesta Corporación hai un Concelleiro, unha Concelleira, perdón, con responsabilidades de goberno na Deputación Provincial, en que consiste dito plan? que se vai a propor departe do Concello?, e cal vai ser a colaboración Concello de Barbadás - Deputación?

O sr. Fírvida toma a palabra: Podo contestarlle por escrito, ou si quere podo lerlle... Pode ser por escrito? Porque eu creo que é unha cuestión máis técnica que outra cuestión. É un proxecto de colaboración non que non hai compromiso inicial, é para aproveitar uns fondos europeos para mellorar a interconectividade a todos os niveis, tecnolóxico e tamén de transporte, entre oito concellos que rodean a cidade de Ourense. Nada máis. Xa veremos en que acaba, como se desenvolve.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada, eu son solo dúas cousas. Imos ver, quería que si se pode, que en Loíro estanseme queixando moito os veciños, que os contedores de lixo non chegan a nada, entón a ver si se puidera levar, sobre todo para a praza, na praza do pobo, alí hai dous contedores e ás veces andas as bolsas polo chan porque non chegan é fai falla tamén un de vidro porque tampouco hai, e , volvo a dicir cerca da miña casa teño que levar o lixo a 500 mts, ou sexa, que por favor miredes de dar ese servizo, que non anden as cousas, e penso que e mellor dicilo e non poñer unha moción ridícula diso, vale? E outro tema e que Victoria antes dixo que eu son catastrofista, non eu non quero ser catastrofista Victoria, pero mira o canastro este que está alí na aira, eu non sei como non ten caído nestes días de aire, porque está moi mal, a ver, eu non me estou defendendo a min, estou defendeando a calquera veciño, a calquera animal que pase por alí e lle caia enría. Máis vale.



A sra. Morenza toma a palabra: É privado

A sra. Varelas toma a palabra: Pois se é privado, poñerllo en coñecemento ó dono e que retire aquilo porque a ver, temos que evitar que haxa accidentes, porque pode darse, e non é aquí por malmeter nin moito menos, e que puxestes unhas vaias, así uns postes, unhas cousiñas de ferro, eu non sei si sería Rafa que mandou a alguén por alí, con unhas pintiñas, pero iso non vale de nada. Simplemente quería dicir esas dúas cousas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Como ben dixen antes ao empezar o Pleno presentamos unhas cuestións hoxe pola mañá que queremos que se nos conteste por escrito. Primeiro, lista de asociacións adheridas aos obradoiros de música tradicional da Escola de Música de Barbadás, número de persoas que acoden en cada asociación e horarios e se se ofertou a todas as asociacións o obradoiro. Segunda, copia do expediente de responsabilidade patrimonial contra Vitoria Morenza Doforno, D. José Rafael Sierra Carril, en relación á escrito reclamación presentada por Dona María del Carmen Vila Salgado. Terceiro, Copia do expediente de cesión de adxudicación do local municipal do Concello á Asociación de Xubilados e Pensionistas, O Fonval, se non houberse, solicítase informe de Intervención e Secretaría, sobre a devandita cesión ou adxudicación, onde se indique, número de anos que se cedeu o local, condicións de reversión da cesión con vistas á súa recuperación polo Concello no futuro, especialmente se se indemnización polo traspaso. Se local onde actualmente se sitúa o bar ten licenza para a devandita actividade e cumpre toda a normativa sanitaria. Responsabilidade civil do Concello en caso dunha hipotética intoxicación de clientes. Responsabilidade patrimonial do concello respecto de posibles lesións no local e a súa recuperación no Concello tanto de clientes como dos propios camareiros. Infórmenenos se a cafetería é privada ou pública. En que conta do Concello ingrésase a recadación do bar. Informe que permitiu poñer un letreiro público, nome do bar, nun local municipal do Concello. En que situación atópase o xerente do devandito bar e se está ao corrente dos seus pagos. Situación dos camareiros que serven no bar. Informe detallado do inventario antes da súa cesión. Informe onde se faga constar se foi dita cesión directa ou concorrente. Cuarto: copia da factura do tapiz que cobre a pista central do polideportivo. Cinco: Gastos ocasionados na visita da figura do Apalpador ao Concello e copia da solicitude do transporte do burro que lle acompañou, perdón, xa que é unha especie en extinción. Seis: Copia das facturas dos xoguetes que os Reis Meigos entregaron aos nenos do Concello. Sete: Que cantidade de alimentos e xoguetes recadáronse durante os torneos solidarios e onde se atopan devanditos alimentos, roupa e xoguetes. Oito: Informe de Servizos sociais



CONCELLO DE BARBADÁS

que indique que día entregáronse durante as datas do Nadal, xoguetes, roupa e alimentos ás familias que o solicitaron, se as familias que fan uso deste servizo foron avisadas dalgún modo para poder facer uso dos devanditos alimentos, xoguetes e roupa. Se a localización é idónea para manter alimentos e roupa. Iso teñen que facer o informe en Servizos Sociais. E se no mesmo sitio gárdase o coche ou a moto da policía. Nove: Copia da factura da iluminación pública do Nadal do Concello. Dez: Por último, se se realizou algunha campaña para todas as familias sen recursos do Concello durante a campaña de Nadal. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O Pleno queda clausurado, queda pechado, pero ten a palabra os asistentes, o público.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:15 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL